Os meses de verán tenden a xerar certas dificultades de xestión no sistema sanitario pola necesidade de conxugar as vacacións do persoal que traballa regularmente no sistema coa calidade asistencial que se precisa para dar servizo á cidadanía. En todo caso, a previsibilidade dos cadros horarios e de quendas dos/as profesionais manéxase con tempo de antelación para que os responsables de xestión poidan desenvolver as previsións axeitadas.

No caso específico da atención primaria en centros de saúde e de atención urxente nos PAC, a situación debe regularse por normativas estandarizadas preexistentes, que delimitan o volume de profesionais necesario para cada centro sanitario, así como as dotacións de equipos e materiais no caso da atención urxente.

De maneira específica, semella natural ter en conta os fluxos poboacionais existentes no verán, que tenden a desprazarse cara poboacións de costa, nomeadamente as máis destacadas en termos turísticos. A isto súmanse as celebracións específicas de cada localidade/zona e os eventos culturais ou deportivos, tamén moi presentes nestas épocas e, especialmente, nos lugares xa sinalados de maneira turística. A provincia de Pontevedra conta con varios puntos de acumulación de poboación de maneira notoria durante o verán, é un entorno que precisa especial atención durante estas situacións, para que o sistema de saúde poida dar as respostas necesarias no caso de necesitalas.

Non en tanto, este verán de 2019 resultou ser o máis caótico e desorganizado que se lembra na xestión do sistema público de saúde. Existen numerosos exemplos que sinalan unha falta de previsión e un resultado nefasto da política de recortes do Goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia. O centro de saúde de o Grove sufriu a ausencia nalgunha ocasión de ata 5 dos 6 médicos/médicas que teñen praza, o que imposibilita que 1 soa persoa poida afrontar o traballo de 6. Existiron ocasións diversas no verán onde o PAC de



Vilagarcía contou con soamente 1 facultativo/a cando debera ter 3 debido ao volume de poboación que atende. Isto provocou que o PAC quedara varias veces sen facultativo/a presente ante a chegada de cidadáns, por ter que ter saído a unha urxencia. Notorio é o caso do PAC de Baltar (Portonovo), que convértese no PAC de referencia para un volume de poboación dos maiores de Galicia no verán, e que veu como incluso a falta de previsión levou a que algún profesional de PACs próximos tivera que deixar a súa praza nalgún día para trasladarse durante a quenda a Baltar.

A tremendamente deficiente cobertura das baixas e vacacións (practicamente nula) deixa en problemas a calidade asistencial, así como os recortes de persoal nos centros de saúde, xa que os pacientes que non son atendidos a tempo no horario estandarizado (por estar os/as profesionais saturados ao ter que asumir os cotas dos ausentes) acoden ao PAC recargando o volume asistencial.

Durante os últimos 10 anos, o goberno de Núñez Feijoo á fronte da Xunta de Galicia deixou de solicitar ata 150 prazas de formación MIR para especialistas en medicina de familia e comunitaria, o que sumado á deficiente política de RRHH que paralizou os acordos de progresiva mellora das condicións laborais contribuíu, indubidablemente, a que Galicia se convirte nunha das CCAA de España que peores condicións ofrece aos profesionais sanitarios. Esta situación provocou a conseguinte perda de capacidade para reter facultativos, profesionais de enfermería, auxiliares, etc.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como valora a Xunta de Galicia a atención primaria para o verán 2019 na provincia de Pontevedra?
- 2.^a) Considera a Xunta de Galicia que as saturacións de pacientes por profesional son aceptables?
- 3.^a) Como valoraría a Xunta de Galicia a existencia agora de 150 profesionais de medicina de familia e comunitaria se os tivera formados agora para reforzar o sistema sanitario público?



4.^a) Ten a Xunta de Galicia contratados de maneira estable a todos/as facultativos/as de atención primaria e PACs posibles para dar servizo no sistema sanitario público?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/09/2019 19:03:21

Noela Blanco Rodríguez na data 05/09/2019 19:03:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez deputada e deputados do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión 3ª**.

O Real Decreto-lei 8/2019, de 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo veu instaurar un control sobre os horarios realizados polas persoas asalariadas no seu traballo.

A partir dese momento todas as empresas teñen que levar un rexistro da xornada laboral das persoas traballadoras.

Malia darse este rexistro da xornada, que o pretendía era o control daquelas horas extras que as persoas traballadoras realizaban sen que cobrasen nada por elas, é dicir, unha sorte de horas nas que a persoa traballadora non percebe nin salario nin ningún tipo de retribución, pero nas que as empresas si que obteñen lucro, de xeito directo e indirecto.

Asistimos a un incremento das horas extraordinarias realizadas no conxunto do Estado incrementáronse con respecto ao trimestre anterior.

Así, realizáronse no segundo trimestre do ano 2,9 millóns de horas extraordinarias do ano á semana polas que non cobraron nada. Isto supón un incremento de 10,5% respecto das efectuadas entre xaneiro e marzo, que non se producía desde o 2009. Como pode estar pasando isto?

Só o 51,6% das horas extra se pagan ás persoas traballadoras, segundo a Enquisa de Poboación Activa. E só medraron un 2,1% as horas extraordinarias pagadas no segundo trimestre. Por tanto, o resto son horas nas que as traballadoras non perciben nin un euro, pese a estar obrigados a traballar e tampouco se lles compensa este exceso con días de descanso. Polo tanto a factura sae gratis para as empresas e moi cara para o persoal traballador.



Segundo o IGE, en Galicia son 56700 as persoas traballadoras que exceden a xornada laboral pactada no contrato, non se especifica se se cobran ou non. Estas horas extraordinarias son 10.000 máis que entre abril e xuño do ano pasado e representan o 6,5% da poboación asalariada en Galicia cando no ano 2012 non acadaban o 4%.

Isto ten como explicación que a empresa prefere alongar a xornada do persoal que xa ten contratado no canto de contratar máis xente.

Por sectores: a maior parte das traballadoras que fan máis horas das pactadas por contrato concéntranse no sector servizos, industria, construción e no sector primario.

Segundo a EPA, son as traballadoras do campo os que máis tempo lle dedican ao traballo con 44 horas semanais, 10 máis que o promedio das asalariadas galegas que realizan 34,3 horas, aos que seguen as traballadoras das industrias extractivas con 39.9 horas e a hostalería con 38 horas.

Tampouco se pagan estas horas: só un de cada 15 persoas traballadoras galegas cobra polas horas extra que fai, 52.800 de máis de 812.200 asalariadas fixeron no primeiro trimestre do ano horas extraordinarias.

A existencia do autogoberno de Galicia xustifícase en acadar maiores cotas de benestar para o conxunto da súa poboación, moita dela conformada por persoas asalariadas, que neste momento están a realizar horas extras non remuneradas, o que constitúe un atentado aos seus dereitos laborais.

Unha inspección de traballo transferida á CA de Galicia permitiría un mellor control desta situación, máis próximo e adaptado ás necesidades de inspección do noso mercado laboral, e deste xeito acadar con máis eficacia unha retribución xusta das persoas traballadoras polo traballo realizado como asalariadas.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión 3ª:



- 1.- Coñece a Xunta cantas horas extras non retribuídas en cómputo total por trimestre se produciron neste ano 2019 no noso país?
- 2.- Que medidas vai tomar a Xunta para que o control horario por parte das empresas sexa real e efectivo?
- 3.- Cantas postos de traballo estima a Xunta de Galicia que se poderían contratar en base ás horas extras, sumando as pagadas e as non retribuídas, no noso país?
4. Estaría a Xunta de Galicia disposta a asumir as competencias en materia de Inspección de traballo para controlar os excesos de horas extras non remuneradas nin compensadas en tempo de descanso que se están a realizar no noso País?
- 5.- En canto estima a Xunta que se incrementaría o PIB do noso país con todas esas horas extraordinarias se se realizasen de forma legal?

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/09/2019 20:15:23

Francisco Casal Vidal na data 05/09/2019 20:15:27

Paula Vázquez Verao na data 05/09/2019 20:15:40

David Rodríguez Estévez na data 05/09/2019 20:15:50



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Entre os Concellos de Samos e Triacastela (Lugo) está proxectado o “Parque eólico Oribio” (expediente 071-EOL), promovido pola entidade “Fergo Galicia Vento, SL”. A declaración de impacto ambiental é de agosto de 2005 e a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica de marzo deste ano 2019.

Este proxecto de parque eólico atópase na Serra do Oribio, territorio Rede Natura 2000, pois está radicado no LIC Ancares-O Courel, e constitúe unha das paisaxes que se poden observar dende o Camiño de Santiago francés -de feito, para minimizar o impacto visual, a propia declaración de impacto ambiental establecía que os oito aeroxeradores fosen pintados con motivos do Camiño-. Incluso recentemente, a Xunta de Galicia ten solicitado á UNESCO que o declare Reserva da Biosfera. É posible a radicación de parques eólicos en espazos de Rede Natura? É posible en virtude da Disposición Transitoria 4^a da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e que permitiu parques eólicos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da lei de 2009. Este Grupo Parlamentario pedira a súa derogación con motivo da tramitación do proxecto de lei do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, mais non foi aceptada nin polo grupo maioritario da Cámara nin polo Goberno galego.

Así as cousas, nestes últimos días tivemos coñecemento de dúas cuestións relevantes e que, descoñecemos, se o Goberno da Xunta de Galicia ten avaliado:

1^a O posible regreso hai xa un par de anos do oso pardo á zona dende o cantábrico, confirmado por varias organizacións ecoloxistas que teñen atopado pegadas e excrementos. E construír un parque eólico sen avaliar se pode dificultar o seu retorno podería influír na recuperación de toda a poboación de osos pardos.

2^a A posible afectación polas obras xa executadas de elementos patrimoniais e culturais como a mámoa do Fial e o Camiño Real, que usaban os arrieiros para acceder á meseta dende Galicia.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que o proxecto “Parque eólico Oribio” (expediente 071-EOL), promovido pola entidade “Fergo Galicia Vento, SL”, e que afecta á Serra do Oribio, entre os Concellos de Samos e Triacastela (Lugo) é conforme á normativa vixente?
- 2.ª) Ten estudado o Goberno o posible regreso do oso pardo á zona da Serra do Oribio?
- 3.ª) Ten avaliado o Goberno a dificultade do retorno e da recuperación de toda a poboación de osos pardos na zona coa construción dun parque eólico?
- 4.ª) Ten extremado o Goberno a protección de todos os elementos patrimoniais e culturais na zona, como a mámoa do Fial e o Camiño Real?
- 5.ª) Vai derrogar o Goberno a Disposición Transitoria 4ª da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o Aproveitamento Eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e que permitiu parques eólicos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da dita lei?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2019 10:37:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2019 10:37:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/09/2019 10:38:11

María Luisa Pierres López na data 06/09/2019 10:42:06



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luis Manuel Álvarez Martínez, e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A finais de 2017 entrara no Concello de Teo unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo GRUPO TOYSAL para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dun vertedoiro na antiga canteira de Casalonga. O seu fin era reciclar 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás. O proxecto tivera en contra a toda a corporación municipal e á veciñanza do concello, que constituíran a plataforma “Casalonga limpa de Residuos”. Finalmente, neste verán o Goberno galego abriu expediente de caducidade ante a falta de actividade na canteira, tras a emisión dun informe municipal non favorable o día 13 de agosto, posto que TOYSAL adquirira a canteira para arrendala aos 2 meses e non para desenvolver actividade mineira algunha.

Sorpresivamente, o pasado mes de marzo a canteira retomaba a súa actividade extractora cun plan para 95.000 toneladas de pedra para este ano 2019, sen ter ningunha información o Concello sobre o plan de restauración da mina, o plan de laboreo nin a documentación sobre seguridade e saúde pública. Todo apunta a que a empresa ten a idea de instalar un vertedoiro de residuos non perigosos na canteira (tecnosolos), o que podería levar a unha situación semellante á de Miramontes, no veciño concello de Santiago de Compostela, incluído o baleirado dunha lagoa integrada na zona. Resulta evidente que a posible declaración de caducidade da concesión mineira vai incidir no proxecto de restauración da antiga mina.

Polo exposto, as deputados e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Cal é o estado actual do procedemento do proxecto dun vertedoiro na antiga canteira de Casalonga pola empresa TOYSAL, no Concello de Teo?
- 2.ª) Cales son as causas polas que o Goberno da Xunta de Galicia acordou iniciar un expediente de caducidade do procedemento?
- 3.ª) Cal vai ser a posición do Goberno sobre o plan de restauración presentado agora pola empresa?



4.ª) Tendo en conta que está aberto o procedemento de incidencia ambiental do dito plan de restauración, ten pensado o Goberno en paralizar a súa tramitación, mentres non se remate o procedemento de caducidade?

5.ª) Cal vai ser a posición do Goberno sobre o plan de laboreo?

Pazo do Parlamento, 05 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/09/2019 10:34:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/09/2019 10:34:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/09/2019 10:34:51

María Luisa Pierres López na data 06/09/2019 10:35:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario do **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, sobre as actuacións do Goberno galego para resolver a situación de Isowat.

Máis dun ano despois de que se anunciara o concurso de acredores de Isowat, antiga Isolux Galicia, situada no polígono da Grela, os traballadores seguen agardando solucións.

Despois de meses de expediente temporal de regulación de emprego parece que se abre no horizonte a posibilidade dun inversor que reuniría as condicións necesarias para a viabilidade da fábrica. Porén, o problema radicaría nas condicións impostas polo principal acredor da factoría, ABANCA.

Cómpre lembrar que o pasado 11 de xuño foi aprobada por unanimidade, con modificacións, unha PNL que instaba ao Goberno a: “Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un investidor ou posible comprador e para facilitar un acordo rápido e razoable co principal acredor no concurso da mesma que posibiliten un novo futuro á compañía, tendo en conta as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o Igape.

Ante esta situación, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego para interceder con Abanca?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda





Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/09/2019 11:23:54



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O 24 de xuño, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba unha orde de axudas da Xunta de apoio técnico e económico aos concellos para que elaboren plans de emerxencia fronte á seca que permitan garantir o abastecemento de auga á poboación.

Esa orde de axudas establecía o prazo dun mes, ata o 24 de xullo, para que os municipios presentasen as súas solicitudes para acceder a esta subvención, de ata 15.000 euros, para elaborar os seus plans de emerxencia fronte á seca. Unha convocatoria de axudas que a Xunta dotou, inicialmente, con 250.000 euros.

Estas axudas da Xunta poden completarse, ademais, coas achegas que se poidan facer desde outras administracións, como poden ser as deputacións provinciais, como corresponsables dos servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes, segundo establece a lexislación estatal.

Cómpre lembrar, neste sentido, que a día de hoxe ningún municipio galego conta con plans de emerxencia fronte á seca aprobados conforme á normativa, pese a que a lexislación estatal, concretamente o artigo 27.3 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, establece a obriga dos concellos de máis de 20.000 habitantes de contar con plans de emerxencia ante situación de seca, sendo tamén recomendable para os municipios máis pequenos.

Polo tanto, con esta convocatoria, a Xunta busca fomentar a prevención e anticipación ante posibles episodios de seca *-como o vivido en 2017 que evidenciou a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento-*, apoiando técnica e financeiramente aos municipios para que poidan desenvolver dun xeito máis eficaz as competencias en materia de abastecemento, que lle son propias.

Esta orde de axudas tamén está en liña co mandato emanado deste Parlamento cando, en data de 7 de maio, o Pleno debatía e aprobaba unha proposición non de lei relativa ás actuacións a levar a cabo co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- 1.- Que balance fai a Xunta da convocatoria de axudas de apoio técnico e económico aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia fronte á seca para garantir o abastecemento de auga á poboación, publicada o 24 de xuño no *Diario Oficial de Galicia*?
- 2.- Cantos municipios accederon a esta convocatoria de axudas?
- 3.- Que xestións ten realizado o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo parlamentario aprobado no Pleno do 7 de maio de cara a garantir o abastecemento de auga á poboación ante posibles episodios de escaseza de precipitacións?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Trenor López na data 06/09/2019 12:03:27

Martín Fernández Prado na data 06/09/2019 12:03:44

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2019 12:04:15

Jacobo Moreira Ferro na data 06/09/2019 12:04:38

Diego Calvo Pouso na data 06/09/2019 12:04:47

Antonio Mouriño Villar na data 06/09/2019 12:05:23

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/09/2019 12:05:43

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2019 12:06:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez, Luís Villares Naveira, Pancho Casal Vidal e David Rodríguez Estévez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**

O 13 de xuño de 2019 publicouse no DOG a orde de convocatoria de axudas para 2019 de apoio á formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego.

“A finalidade do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral é incrementar a incorporación de persoal investigador ao Sistema de I+D+i galego fomentando, na súa etapa inicial, a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando a reincorporación nos axentes que conforman o sistema para, con posterioridade, continuar coa súa traxectoria investigadora na institución a que retorna.”

Deste xeito, o Programa de apoio á etapa posdoutoral, conta con dúas modalidades de axuda: a Modalidade A (dous anos de estadía no estranxeiro e un en Galicia) e a Modalidade B (“contrato de dous anos de duración e axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato na modalidade A da convocatoria de 2016 do Programa de formación inicial da etapa posdoutoral, que acabaron o contrato e que acadaron unha avaliación positiva e para aquelas persoas investigadoras da convocatoria do ano 2014 ás cales, por circunstancias especiais, se lles concedese o aprazamento da avaliación, que completasen o programa e que acaden unha avaliación positiva”).

Para a Modalidade B, poderanse contratar, por parte das universidades, un total de 21 persoas investigadoras.

Esta publicación das axudas chega tarde, como vén sucedendo anualmente. Desta vez, a tardanza na convocatoria da Modalidade B vén deixar na incertidume a 34 investigadoras e investigadores pois, entre a data de publicación da convocatoria de axudas (13 de xuño) e a resolución das mesmas poden pasar ata 5 meses (prazo máximo de resolución establecido pola Orde), tempo no que as e os investigadores estarán no paro. Dende o 30 de xuño, a grande maioría dos 38 investigadores e investigadoras de alto nivel contratadas polas universidades



galegas e pertencentes á promoción de 2016 do programa de formación posdoutoral I2C estiveron moitos días sen contrato.

Isto supón un prexuízo enorme para as investigadoras e investigadores e para as propias universidades galegas, que vén interrompidos proxectos investigadores en curso. Ademais, estas persoas contratadas pola Modalidade B non poderán dar clase durante o primeiro semestre do curso 2019-2020 nos graos e máster aos que estivesen adscritas.

Ademais, as persoas que solicitaran permisos de maternidade e paternidade teñen que agardar á vindeira convocatoria da Modalidade B para que o seu traballo na Modalidade A poida ser avaliado, non podendo presentarse neste ano 2019, situación que afecta a catro persoas, e a unha muller máis que renunciou ao seu permiso de maternidade para non ser prexudicada.

Os obxectivos destas axudas, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (I2C), son fomentar a formación e a retención de talento no País, algo que malamente se pode conseguir enviando a investigadores e investigadoras ao paro con incertidume sobre a súa continuidade nas universidades galegas.

Finalmente, a Xunta anunciou – tras semanas de mobilización das e dos investigadores – a financiación dos contratos ata mediados de outubro de 2019.

Polo exposto, a deputada e deputados que subscriben, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**

1. A que se debeu a tardanza na convocatoria das axudas de apoio á formación posdoutoral en 2019?
2. Vai a Xunta corrixir no futuro esta situación? Que medidas se van tomar ao respecto?
3. Por que tardou un mes a Xunta en reaccionar ante a situación de incerteza na que ficaron unha treintena de investigadores/as?
4. Que actuacións vai impulsar a Xunta para que se deixe de penalizar ás persoas investigadoras con permisos de maternidade e paternidade?



5. Que medidas vai tomar a Xunta para garantir a continuidade e estabilidade da carreira investigadora dos e das investigadoras deste País?
6. Vai a Xunta aumentar os recursos para garantir a posibilidade de máis prazas de contratos de investigación?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asinado: Paula Vázquez, Luís Villares Naveira, Pancho Casal Vidal e David Rodríguez Estévez, deputada e deputados pertencentes ao G. P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/09/2019 13:01:01

David Rodríguez Estévez na data 06/09/2019 13:01:07

Francisco Casal Vidal na data 06/09/2019 13:01:15

Paula Vázquez Verao na data 06/09/2019 13:01:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social, presentou o programa SON Voluntario/a, en colaboración coa Asociación Empresarial Festivais de Galicia. Este programa está destinado a algúns dos festivais de música de Galicia e a eventos de similar natureza nos que as mozas e mozos participantes realizarán diferentes tarefas. Entre estas atópanse a posibilidade de ofrecer información de interese sobre os servizos que ofrece o festival, facilitar a circulación das persoas dentro do recinto, e realizar, de ser o caso, actividades de sensibilización medioambiental.

Algunhas destas actividades que realizarán as voluntarias de maneira gratuíta son semellantes as que podería desempeñar persoal das empresas organizadoras dos eventos, co conseguinte risco de que esta medida poida conlevar á supresión de postos de traballo remunerados.

Un dos argumentos dados por parte da Xunta de Galicia para a posta en marcha desta iniciativa é o fomento da participación activa da mocidade nos festivais de música de Galicia, pero para tal fin, e para mellorar a accesibilidade á cultura, en termos xerais, por parte da mocidade, existen, na nosa opinión, fórmulas moito máis acaídas.

A Xunta anunciou recentemente a convocatoria de vinte prazas para o Festival da Luz, en Boimorto. É imprescindible que se realice unha inspección neste para



comprobar que as tarefas que desenvolven as persoas voluntarias e as quendas se axustan ao programa, e para verificar que, en ningún caso, se reduciu o persoal contratado neste.

O Goberno debe establecer un protocolo para que se realicen estas inspeccións en todos os festivais ou eventos similares nos que participen as persoas voluntarias. Ademais, una vez realizadas ditas inspeccións debería trasladarse un informe ao conxunto do Parlamento galego para a súa avaliación e coñecemento.

Por todo o exposto preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que medidas levou adiante a Xunta de Galicia para evitar que este programa non signifique que se reduza o persoal de organización e atención ao público?
2. Van realizar algunha inspección ou informe para constatar que se cumpre coas tarefas e coas quendas asignadas ás persoas voluntarias?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 06/09/2019 12:47:16

Marcos Cal Ogando na data 06/09/2019 12:47:20



A Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.**

O Goberno galego ven de anunciar a posta en marcha dunha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, a través da sinatura dun convenio no que participan as consellerías do Medio Rural, de Economía, Emprego e Industria, a de Cultura e Turismo e a Fundación Juana de Vega.

Trátase da primeira Estratexia destas características, na que estarán presentes todos os axentes do sector implicados no territorio, destacando así o papel das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas, dos grupos de desenvolvemento rural (GDR), dos produtores e comercializadores, do sector turístico, da restauración e da alimentación, así como as deputacións, investigadores e centros de formación e experimentación.

O sector vitivinícola converteuse nos últimos anos nun dos sectores máis dinámicos e internacionalizados da nosa economía agraria, que en Galicia estrutúrase arredor de cinco denominacións de orixe (Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra) e catro indicacións xeográficas protexidas (Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria e Ribeiras do Morrazo).

Tendo en conta a importancia deste sector como elemento dinamizador, xerador de emprego e riqueza nos espazos rurais nos territorios nos que se produce, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia?
- 2.- Cal é o orzamento previsto para a súa posta en marcha?
- 3.- Cales son as principais liñas de actuación?



Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 06/09/2019 14:14:09

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2019 14:14:22

Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2019 14:14:36

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2019 14:14:47

Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2019 14:15:06

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 06/09/2019 14:15:19

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2019 14:15:32

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do **G.P. Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**

Dende o 1 de setembro de 2019 o Hospital de Verín non terá servizo de dermatoloxía. Isto sucede porque a dermatóloga substituta da persoa titular da praza se traslada a Vigo, e o SERGAS non cubre esta vacante.

A raíz deste feito, unhas dúas mil persoas da zona terán que agardar para ser atendidas. A situación foi moi gravosa para as persoas que tiñan cita o propio 2 de setembro, que recibiron unha chamada de teléfono indicándolles que non acudiran á cita; é máis, quen tiña cita para o día 1 nin sequera foi advertido deste feito.

Segundo ten exposto a CIG-Saúde, esta situación era coñecida dende o mes de xuño polo SERGAS, pois a profesional que substitúe ao dermatólogo que ten a praza acadou a aprobación da súa interinidade en Vigo. “O que ocorre é que o dermatólogo titular deste hospital está nunha comisión de servizos en Ourense, é dicir, para que a xente nos entenda, ten a praza en Verín pero está reclamado en Ourense porque alí tamén están escasos destes profesionais”, sinala a CIG.

Esta situación de falta de previsión do SERGAS reduce servizos sobre todo nas áreas máis despoboadas do País, afondando na súa discriminación.

Por outra parte, as persoas que agora sofren a suspensión da atención dermatolóxica aa novo aviso, fican na incertidume ou serán trasladadas a Ourense. Destas, segundo a CIG-Saúde, unhas mil setecentas agardan por ser consultadas e unhas trescentas agardan por unha cirurxía ambulatoria menor. Trátase de casos que ata o de agora se resolvían en Verín e que, de non achegar o SERGAS unha solución, posiblemente teñan que desprazarse a Ourense, onde, previsiblemente, se incrementará a lista de agarda.

O distrito sanitario de Verín, co Hospital de Verín como referencia, engloba a comarca de Verín (25.653 habitantes en 2018) e parte da de Viana (5.818 habitantes en 2018).

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben, presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cando vai resolver a situación de dotar o Hospital de Verín cun/unha profesional a praza de dermatoloxía?
2. Por que non fixo previsión da situación que o SERGAS sabía que se ía producir en setembro nas consultas de dermatoloxía no Hospital de Verín?



3. Coñece a Xunta os prexuízos que está a padecer a cidadanía do distrito sanitario de Verín pendente de cita ou atención cirúrxica en dermatoloxía?
4. Van ser as persoas pendentes de cita en dermatoloxía no Hospital de Verín derivadas a Ourense?
5. Como vai resolver a escasa dotación de profesionais de dermatoloxía na EOXI de Ourense?
6. Por que a cidadanía das comarcas de Verín e Viana é tratada como cidadanía de segunda clase?

Santiago de Compostela, 6-9-2019

Asinado: Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado e do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 06/09/2019 17:23:41

Paula Vázquez Verao na data 06/09/2019 17:23:49



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**

O persoal e a cidadanía da comarca de Verín alerta dende hai meses da preocupación polas intencións do SERGAS de desmantelar o servizo de cociña no Hospital de Verín.

Esta decisión poría en perigo 12 postos de traballo e a propia calidade alimentaria, así como a satisfacción das persoas usuarias.

As sospeitas de persoal e persoas usuarias indican que as comidas do Hospital de Verín serían elaboradas en Ourense e trasladadas a Verín para o seu reparto, ao tempo que

A EOXI xa comunicou que a nova cociña do Hospital de Ourense contará cunha liña mixta-fría e sinalou que en Verín se continuaría prestando o servizo de cociña coa mesma empresa concesionaria, contradicindo outras declaracións nas que se falaba de que as comidas de Verín se elaborarían no Complexo Hospitalario de Ourense.

As experiencias de cambio de cociña tradicional a liña fría, como a do Hospital de Vigo, foron nefastas para a calidade e satisfacción das persoas usuarias, así como redución de persoal.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

Vai o SERGAS modificar o servizo de cociña no Hospital de Verín?

Santiago de Compostela, 6-9-2019

Asinado: Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do G.P. Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/09/2019 17:30:26

David Rodríguez Estévez na data 06/09/2019 17:30:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

Veciños de Sobrado dos Monxes levan tempo denunciando como en distintos puntos dos montes do concello se depositan grandes cantidades de lodos, viscosos e de intenso cheiro, teoricamente procedentes de estacións depuradoras, causando molestias importantes á veciñanza.

Hai balsas visibles a apenas un quilómetro en liña recta dos nacementos dos ríos Tambre e Mandeo. Outras están rodeadas de maleza.

De feito representan un perigo para a seguridade e cada tempada de caza cae nelas algún can. Mesmo fai un par de anos foi un cazador o que acabou mergullado nos lodos.

E mentres algúns depósitos están valados, outros só están cercados con arame. Hainos mesmo sen ningún tipo de peche.

Tamén existen desbordes das balsas e os lodos corren monte abaixo, ou mesmo se depositan en regos directamente no terreo, o que ocasiona escorrentías con potencial contaminante para os acuíferos.

Por todo o exposto o Grupo parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:



- Que actuacións ten acometido a Xunta de Galicia en relación a este asunto denunciado por veciños e veciñas de Sobrado dos Monxes?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/09/2019 10:22:46

Marcos Cal Ogando na data 09/09/2019 10:23:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

Tal como prevé a lexislación, o DOG publica periodicamente os convenios asinados por Augas de Galicia cos concellos. A última publicación, correspondente aos convenios do primeiro cuadrimestre de 2019, publicouse no DOG do 7 de xuño de 2019.

Resulta difícil entender cal é o criterio que se segue para a sinatura destes convenios para estas obras e con estes concellos, dada a diversidade de obras financiadas e o distintas características das entidades locais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que contías destinou Augas de Galicia na presente lexislatura a convenios con concellos?
2. Como se seleccionaron os concellos beneficiarios e as obras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Recibiu o seu departamento peticións doutros concellos que non foron atendidas?
4. Considera lóxico e xusto este reparto discrecional dos fondos públicos?
5. Como se xustifica a fórmula do convenio e a imposibilidade de selección por concorrencia competitiva?
6. Que convenios se tramitaron ou están en tramitación no cuadrimestre maio-agosto de 2019?
7. Ten previsto no futuro empregar o procedemento da convocatoria pública en concorrencia competitiva para conceder as axudas aos concellos?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2019 10:35:02

María Montserrat Prado Cores na data 09/09/2019 10:35:08

Noa Presas Bergantiños na data 09/09/2019 10:35:14

Olalla Rodil Fernández na data 09/09/2019 10:35:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/09/2019 10:35:30

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2019 10:35:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao rexistro, censo e plans de infraestruturas deportivas da Secretaría xeral para o deporte.

Periodicamente a prensa informa sobre visitas a concellos e sobre reunións e entrevistas do Secretario Xeral para o Deporte con alcaldes e alcaldesas. Na primeira metade do ano 2019 anunciáronse por esta vía convenios de colaboración cos concellos de Moraña, Marín, Ponteceso, Vilanova, Baiona, Ourense, Redondela, etc.

Na nota de prensa da sinatura do convenio co concello de Marín dábanse os seguintes datos de investimentos da Secretaría Xeral en infraestruturas deportivas:

“A Secretaría Xeral para o Deporte realiza unha aposta decidida neste 2019 polas infraestruturas deportivas. Nos orzamentos iniciais de 2018 destinábanse un total de 2.833.043 euros para a construción e a mellora das infraestruturas deportivas de Galicia

Para o exercicio 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte destinará unha contía de 3.934.217 euros -un 40% máis que o destinado inicialmente en 2018-. En total, na provincia de Pontevedra realizaranse obras en 22 concellos que alcanzarán os 1,35 millóns de euros e nas que participará a Secretaría Xeral para o Deporte a través dunha achega de ao redor de medio millón de euros”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta moi difícil coñecer a que van dedicados estes investimentos e os criterios utilizados pola Secretaría Xeral para o Deporte para seleccionar os concellos e as obras financiadas mediante convenios. Como tamén resulta laboriosoter acceso á totalidade dos convenios, o seu obxecto e a súa contía.

Unha das causas desta situación é a inexistencia dun Rexistro e Censo de Infraestruturas Deportivas e dun Plan Xeral de Infraestruturas e Equipamentos Deportivos de Galicia, instrumentos imprescindíbeis para coñecer os equipamentos existentes e o seu estado, así como as necesidades presentes e futuras.

O Rexistro, o Censo e o Plan son actuacións fundamentais previstas na Lei do deporte de Galicia do ano 2012 que aínda están pendentes de realización, o que pon en evidencia a falta de xestión do goberno galego nesta materia.

Velaquí o que prevé ao respecto a Lei galega do deporte do ano 2012:

“TÍTULO VI

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

CAPÍTULO I

REXISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE GALICIA

Artigo 76. Definición de instalación deportiva.

1. Considérase instalación deportiva convencional calquera espazo aberto ou pechado, infraestrutura ou inmovible proxectado ou adaptado especificamente para a práctica do deporte que estea dotado das condicións aptas para o exercicio de calquera das súas modalidades ou especialidades.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considéranse espazos deportivos non convencionais aqueles nos que se desenvolven actividades deportivas e que se adaptan ás características do medio, natural ou urbano.

3. Para os efectos desta lei, as instalacións deportivas clasifícanse en instalacións de uso público e privado. Teñen a consideración de instalacións de uso público aquelas abertas ao público en xeral, con independencia da súa titularidade ou da esixencia de contraprestación pola súa utilización.

4. Regulamentariamente poderase establecer unha tipoloxía de instalacións, así como un sistema de clasificación destas, atendendo, entre outras circunstancias, ás características da súa oferta deportiva e á calidade dos servizos prestados.

Artigo 77. Rexistro e finalidade.

1. Correspóndelle á Administración autonómica a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma.

2. A inscrición no rexistro da instalación deportiva correspondente será condición para poder realizar competicións deportivas de carácter oficial de calquera ámbito territorial.

3. A inscrición poderá ser denegada cando a instalación non cumpra as habilitacións técnicas nin os requisitos necesarios para a práctica deportiva segura.

4. Os datos que figuran no rexistro servirán para confeccionar o censo de instalacións deportivas, que se publicará coas agrupacións e clasificacións suficientes para dar a coñecer a situación das infraestruturas na Comunidade Autónoma e contribuír á planificación das novas que se poidan construír.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Os datos das infraestruturas que se inclúen no censo reflectirán, polo menos:

a) A situación territorial.

b) A súa titularidade.

c) O estado de conservación e os servizos cos que contan.

d) A capacidade e a accesibilidade para persoas con algunha discapacidade, de acordo coas condicións legais establecidas na normativa sectorial autonómica de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

e) As modalidades deportivas que se poidan desenvolver.

CAPÍTULO II

PLAN XERAL DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS

Artigo 78. Finalidade e competencia para a súa elaboración.

1. Co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia.

2. Correspóndelle á Administración autonómica a redacción e aprobación deste plan. A aprobación levará implícita a declaración de utilidade pública ou interese social das obras e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios para levar a cabo a súa execución, para os efectos de expropiación forzosa ou imposición de servidumes.



3. O mencionado plan determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución.

4. O Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia deberá ser revisado cada cinco anos co fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.”

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que criterios segue a Secretaría Xeral para o Deporte para a concesión de axudas a concellos, mediante convenios ou subvencións, para a construción ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal?
2. Cantas solicitudes deste tipo foron atendidas e rexeitadas na presente lexislatura?
3. Recibe o máximo responsábel do Deporte da Xunta de Galiza a todos os alcaldes e alcaldesas que solicitan entrevistas para demandar investimentos en materia deportiva?
4. Cando ten previsto a Xunta de Galicia facer público o Censo de Instalacións deportivas de Galicia.
5. Está operativo o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia?
6. Cantas instalacións están inscritas no Rexistro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Ten coñecemento a Xunta de Galicia da existencia de instalacións non rexistradas nas que se realicen competicións deportivas de carácter oficial, contravindo o previsto na lei?

8. Cando ten previsto o goberno galego enviar ao parlamento o Plan Xeral de Infraestruturas Deportivas de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2019 11:25:59

María Montserrat Prado Cores na data 09/09/2019 11:26:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 09/09/2019 11:26:12

Olalla Rodil Fernández na data 09/09/2019 11:26:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/09/2019 11:26:27

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2019 11:26:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente a situación do río ourensán Barbaña. As agresións a este río teñen sido unha constante ao longo da historia recente e urxe unha corrección de actitude por parte das administracións implicadas na responsabilidade desta situación.

Ao longo da historia recente puidemos observar feitos de grande gravidade, como a contaminación producida no ano 2009, feito que provocou, ademais dunha grande alarma social a morte de máis de 17.000 mil peixes e que, porén, ficou impune.

Unha década despois destes acontecementos, a situación non ten mellorado cualitativamente canto á vixilancia, prevención e reparación. Este xuízo celebrouse grazas á persistencia e teimosía das asociacións de veciñas e veciños de San Breixo de Seixalbo, Ponte Noalla, San Cibrao das Viñas e a Asociación Barbaña (Ourense), que se persoaron na causa para que as denuncias non quedaran sen resposta. Lonxe de corrixirse a situación, pasado o tempo coñecemos verteduras recentes no 2018, como o de 5.000 litros de aceite e alcatrán en xuño, verteduras máis pequenas no primeiro semestre de 2019 e máis recentemente o primeiro día de setembro aparecía novamente o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

río no tramo entre o Polvorín e o Paco Paz con espumas sospeitosas. Trátase dun suma e segue que xa foi cualificado pola prensa local coma “vertedura permanente”.

Xunta de Galiza, Concello e Confederación Hidrográfica Miño Sil deben aumentar a preocupación por este río e poñer solucións para que se remate dunha vez por todas coa permisividade e impunidade coa que se veñen producindo estas verteduras incontroladas e é inadmisíbel a falta de funcionamento da Comisión de Seguimento e a demora no presunto Plan de saneamento que acordou impulsar a Confederación Hidrográfica así como a falta de compromiso da Xunta de Galiza e do propio Concello de Ourense, incapaz mesmo de acometer a limpeza básica na súa contorna.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que vai facer a Xunta de Galiza para poñer fin á situación do río Barbaña por mor das permanentes verteduras incontroladas?

Que papel vai ter a Xunta de Galiza no presunto Plan de Saneamento da Hidrográfica? Enviou achegas? Foi consultada? Tíñao demandado con anterioridade ao verán de 2018?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar novas verteduras?

Ten avaliado iniciar accións legais?

Ten estudado as consecuencias ambientais das verteduras? E para a saúde humana?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que os problemas de deputación do Concello de San Cibrao están resoltos?

Ten contado ou vai contar coa opinión dos concellos, administracións e asociacións vencellados á problemática do Barbaña para o deseño das medidas a tomar? Por medio de que mecanismos? En que prazo?

Canto leva investido economicamente a Xunta de Galiza neste río desde 2009? Canto ten previsto para 2020?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2019 12:55:28





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 09/09/2019 12:56:04

Noa Presas Bergantiños na data 09/09/2019 12:56:11

Olalla Rodil Fernández na data 09/09/2019 12:56:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/09/2019 12:56:28

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2019 12:56:34



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Isowat Made (antiga Isolux) fundada en 1964, filial do grupo Invertaresa, entrou en liquidación no mes de agosto de 2018. A dita empresa conta con factorías na Coruña (polígono da Grela) e en Valladolid.

En marzo de 2019 a empresa iniciou un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) ata o 9 de xuño, que o Xulgado do Mercantil n.º 2 da Coruña permitiu ampliar, por petición da administración concursal, por ver viable a venda, ata outubro do presente ano.

Os 68 empregados da planta de deseño e fabricación de compoñentes eléctricos de *Isowat Made* na Coruña contan con que un investidor concrete unha proposta para poder reflotar a compañía, que en ningún momento deixou de ser rendible, adquirindo non só a unidade produtiva senón tamén o inmovible (nave e terreo no polígono da Grela cun valor de taxación de 6.850.670,92 €)

Abanca é o principal acreedor desta filial do *holding Invertaresa* por débedas duns 100 M de €.

En maio de 2019, no pleno deste Parlamento o conselleiro de Economía, Emprego e Industria manifestou que:

“Os traballadores saben perfectamente que este goberno está con eles dende o primeiro momento na procura dunha saída á súa situación”.

“Polo tanto, a Xunta de Galicia vai seguir mantendo o contacto permanente cos investidores e vai manter o contacto permanente co Comité de Empresa e cos traballadores”.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que xestións ten feito a Xunta de Galicia co posible investidor?

2ª) Que xestións ten feito a Xunta de Galicia para mediar entre Abanca e o posible investidor?





Pazo do Parlamento, 6 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/09/2019 18:55:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/09/2019 18:55:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do Grupo Parlamentario Mixto, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

Sobran os motivos para declarar unha emerxencia feminista, pois máis da metade da poboación deste país está en grave risco polo mero feito de ser mulleres. Calquera muller é susceptible de sufrir a violencia machista en calquera das súas manifestacións, sen esquecer a violencia institucional con campañas que trasladan a responsabilidade ás vítimas, sen propoñer medidas para reducir ou eliminar as agresións ás mulleres, por iso, a perspectiva das institucións tamén debe mudar.

Construír unha política verdadeiramente feminista segue sendo unha tarefa pendente. Debemos colocar o feminismo no centro do taboleiro político, tanto no relativo ás formas de facer política como ás políticas a facer. Cómpre facer política feminista, cara dentro e cara fora, e iso tamén é unha decisión política que se debe trasladar á xestión do goberno, no nivel competencial que sexa, apostando polo devir feminista das institucións.

Institucións como o Parlamento ou a Xunta de Galicia non son neutras, senón que a miúdo son instrumentos moi potentes de reprodución das desigualdades, polo que impulsar un cambio institucional, un devir feminista, implica unha transformación das propias prácticas e da cultura política e organizativa das administracións e institucións, priorizando as políticas (o contido) e a maneira de facelas (as formas), integrando sempre a perspectiva de xénero e a visión feminista.

O potencial transversal desta perspectiva concretase en diversas políticas que van dende a loita contra a precariedade, a LGTBIQ+fobia, ou a violencia machista ata o repensar a mobilidade, o urbanismo ou a vivenda dende unha mirada de xénero.



Isto implica poñer as “lentes violetas” e poñer en marcha un proceso de revisión de procedementos e rutinas institucionais que incorporen a igualdade como requisito. Por exemplo, a preparación dos orzamentos, a formación do persoal técnico ou a elaboración de cláusulas de contratación pública que se traduza nuns orzamentos que teñan en conta como operan o roles de xénero na sociedade á hora de distribuír ou incorporar recursos, ou nunhas normas de contratación pública que busquen como combater a fenda salarial, o acoso sexual ou a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual. Se non incorporamos esta perspectiva, os mecanismos administrativos ordinarios poden ser ferramentas moi potentes para continuar reproducindo as desigualdades de xénero.

Como base fundamental para erradicar o machismo das relacións, interpersoais, é imprescindible incorporar a educación afectivo-sexual en toda a ensinanza regrada, pois esta permanece invisibilizada no currículo educativo.

Do mesmo xeito, débense implementar políticas que teñan en conta esta perspectiva tamén no ámbito laboral (discriminación, precariedade), urbanístico, social, etc.

A loita contra a violencia machista ten que ser absolutamente prioritaria legal e orzamentariamente, porque sen unha porcentaxe do orzamento dedicada a iso non hai compromiso.

Temos o reto de construír institucións que sexan quen de absorber o mellor da cultura política propia do feminismo, porque é aí onde comprendemos que a forma na que facemos as cousas cambia o resultado que obtemos. O feminismo é a mirada que permite ver o mundo cos ollos de quen sempre quedou nas marxes e dende institucións coma o Parlamento, isto tradúcese nun gran potencial de incorporar a toda a cidadanía na forma de facer política. O devir feminista de institucións coma o Parlamento non é outra cousa que a democratización da mirada coa que se fixo política ata agora.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte pregunta para a súa reposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten coñecemento a Xunta da actual situación das mulleres nos diferentes ámbitos da súa competencia (laboral, social, económico, sanitario, etc.) e as repercusións que implica a mesma?.
2. Ten previsto a Xunta realizar unha declaración institucional en apoio á convocatoria de emerxencia feminista do 20 de setembro de 2019?
3. Porá en marcha a Xunta un proceso de revisión de procedementos e rutinas institucionais que incorporen a igualdade como requisito e que finalicen na presentación dun estudo sobre a situación real das mulleres en cada eido?
4. Implementará a Xunta políticas que teñan como base, e cuestión transversal, o feminismo e a perspectiva de xénero?

Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/09/2019 18:19:43

David Rodríguez Estévez na data 09/09/2019 18:19:47



Paula Vázquez Verao na data 09/09/2019 18:19:55

Francisco Casal Vidal na data 09/09/2019 18:20:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

No DOG do 27 de maio de 2019 aparecen publicados os convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos no primeiro cuadrimestre do anos 2019. Os concellos beneficiarios destes acordos son: Abegondo, Lousame, Carral, Coirós, O Páramo, Vilalba, A Gudiña, Ourense, Beariz e Larouco.

As actuacións que se financian ao abeiro destes convenios son de mellora de estradas, construción de sendas peonís, pavimentacións, mellora da contorna de igrexas, etc. As contías van desde os 1.152.000 euros da posta en valor da Ponte Vella de Ourense, os 681.711 da pavimentación da rúa Rosalía de Castro e construción de senda peonil, os 650.000 euros da mellora da travesía da antiga LU 126 en Vilalba, os 448.463 da dotación de capa de rodadura do vial que vai de Porto Bravo a Tállara en Lousame ata os 48.000 da pavimentación da rúa Carril no concello de Larouco. A contía total destes convenios é de 2.394.636 euros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta difícil entender cal é o criterio que se segue para a sinatura destes convenios para estas obras e con estes concellos, dada a diversidade de obras financiadas e o distintas características das entidades locais. O único elemento común entre todos eles é estar gobernados polo PP no período en que se aprobaron os acordos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que contías destinou a Axencia Galega de Infraestruturas na presente lexislatura a convenios con concellos?
2. Como se seleccionaron os concellos beneficiarios e as obras?
3. Recibiu o seu departamento peticións doutros concellos que non foron atendidas?
4. Considera lóxico e xusto este reparto discrecional dos fondos públicos?
5. Como se xustifica a fórmula do convenio e a imposibilidade de selección por concorrencia competitiva?
6. Que convenios se tramitaron ou están en tramitación no cuadrimestre maio-agosto de 2019?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Ten previsto no futuro empregar o procedemento da convocatoria pública en concorrencia competitiva para conceder as axudas aos concellos?

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/09/2019 18:38:30

María Montserrat Prado Cores na data 09/09/2019 18:38:36

Noa Presas Bergantiños na data 09/09/2019 18:38:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 09/09/2019 18:38:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/09/2019 18:38:56

Ana Pontón Mondelo na data 09/09/2019 18:39:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**

O alcol e a masificación de festivais, concertos e actividades lúdicas que aglutinan a grandes cantidades de persoas en ocasións serven de pretexto para que se produzan abusos e agresións sexuais durante os mesmos, feito que se agrava xa que este tipo de eventos, a pesares de estar repletos de seguridade, non contan con protocolos para evitar calquera tipo de agresión machista.

Os colectivos feministas, fartos de soportar e sufrir estas agresións machistas, comezaron fai xa uns anos a establecer “Puntos Lila”, como espazos seguros para as mulleres, espazos de información, atención, asesoramento, acompañamento e denuncia ante as diversas formas de violencia machista.

Estas iniciativas teñen como obxectivos sensibilizar e lembrar á cidadanía que nas festas e eventos a igualdade e o respecto deben estar sempre garantidos e ofrecer información, acompañamento e primeira atención a calquera muller que puidera vivir un episodio de violencia machista durante o evento en cuestión.

A coordinación destes “Puntos Lila”, xestionadas por persoas voluntarias, corre a cargo, normalmente, do Centro de información ás Mulleres (CIM).

Os colectivos feministas reclaman axentes de igualdade nas institucións públicas, entendendo que iniciativas municipais como as dos “Puntos Lila” quedan en actividades dun so día e que, sen formación transversal en xénero estes espazos son un parche para a igualdade real, polo que apostan por estender iniciativas como estas a todos os ámbitos, contando con persoas profesionais, pois en materia de igualdade, segundo refiren “non se parte de cero senón de menos 50”.

A figura de axente de igualdade tería como función deseñar, implementar e avaliar calquera medida ou actuación de igualdade, recalcando que moitas veces, nas institucións públicas, a pesares de ser obrigatoria a asistencia a estes cursos de formación, ninguén vela por que se cumpra a normativa e o persoal traballador público asista.

Dende a Secretaría Xeral de Igualdade aseguran que a Xunta financia axentes de igualdade a través dos Centros de Información ás Mulleres e que a formación en perspectiva de xénero é obrigatoria para todo o persoal que ocupa cargos públicos.

Empregados e empregadas do sistema educativo, sanitario, social, xudicial, e en xeral, calquera persoa que ocupa cargos públicos, deben formarse, xa sexa de xeito presencial ou a distancia, nesta materia, e para elo, non abonda con que nun



período de dez anos deban facer estes cursos, cunha duración igual ou superior a vinte horas dos que ninguén vela polo seu cumprimento, polo que contar cunha figura profesional como a de axente de igualdade, que ofrezca atención, información e formación especializada, é esencial.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscriben presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia levar a cabo tódalas actuacións necesarias para que antes de que remate este período de sesións, a figura de axente de igualdade teña presenza nas institucións públicas, tal e como reclaman os colectivos feministas?
2. Garantirá a Xunta a periodicidade e cumprimento real dos cursos formativos en materia de igualdade, perspectiva de xénero e prevención da violencia machista que se oferten dende a administración pública ao persoal?

Santiago de Compostela, a 9 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 09/09/2019 20:05:19

David Rodríguez Estévez na data 09/09/2019 20:05:24

Paula Vázquez Verao na data 09/09/2019 20:05:32

Luis Villares Naveira na data 09/09/2019 20:05:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de pararlle os pés ao Goberno galego que pretendía adxudicar a dedo 7 postos directivos vulnerando a normativa vixente.

O ano pasado, a Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou unha relación de postos de traballo co obxecto de cubrir 16 postos de libre designación, entres eles, os 7 postos de director das oficinas de emprego da Coruña-Monelos, Ferrol-Esteiro, Santiago Norte, Lugo Sur, Ourense Centro, Pontevedra-Concello e Vigo-Calvario.

A RPT xustificaba a discrecionalidade da libre designación dos 7 postos directivos amparándose nunha resolución do Goberno galego do ano 2016 que se refire aos centros dependentes da Xunta con características singulares. Tal e como lembra o TSXG, estes centros son:

- 1) os centros nos que estean internadas persoas en situación de dependencia ou formación, ou menores tutelados pola Administración autonómica;
- 2) os centros de investigación e innovación nos que se desenvolvan proxectos que poidan supoñer unha vantaxe competitiva para Galicia;
- 3) os centros de formación profesional integrado de titularidade pública;



4) os centros con competencias en materia de atención integral ás vítimas de violencia de xénero e ás persoas delas dependentes.

Segundo o TSXG, “é claro que as oficinas de emprego e coordinación non se atopan en ningún de ditos grupos”, polo que, nunha sentenza do 3 de xullo de 2019, anulou a decisión do Goberno galego de nomear por libre designación aos seus directores.

Desta maneira, compróbase novamente que o Partido Popular continúa empregando a Xunta como se fora unha axencia de colocación, favorecendo os seus intereses privados, así como os das súas persoas afíns, en detrimento do conxunto dos galegos e das galegas.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que avaliación fai o Goberno da Xunta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
- 2.^a) Continúa pensando que a discrecionalidade na contratación dos directores das oficinas de emprego estaba xustificada? Por que?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





Carmen Santos Queiruga na data 10/09/2019 10:38:29



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Marián García Míguez, Raquel Arias Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O enfoque do Partido Popular de Galicia á hora de abordar as políticas de inclusión social ten sido sempre o mesmo: en contraste coas propostas de esquerda que apostan por cronificar a dependencia das persoas en risco de exclusión das administracións que as apoian, nós apostamos por crear mecanismos de inclusión social que desemboquen nunha progresiva consecución de independencia económica por parte destas persoas.

Con ese obxectivo se impulsou a Lei de inclusión social de Galicia, que tiña como unha das súas principais novidades a evolución do sistema de inclusión cara un modelo que incentivara a inserción laboral das persoas perceptoras da RISGA, sen obrigalas a escoller entre a incerteza dunha oferta laboral e a súa renda social senón facilitándolles facer compatibles ambos ingresos ata que se estabilizara a súa situación laboral. Este modelo de inserción social non tivo o apoio da esquerda galega, que votou unánimemente en contra desta lei.

Pero a Lei entrou en vigor grazas aos votos do Grupo Popular e este ano tivo lugar a aprobación do seu desenvolvemento, que supón un importante esforzo orzamentario por parte da administración autonómica galega.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que melloras teñen experimentado os perceptores da Renda Galega de Inclusión Social (RISGA) dende a entrada en vigor do Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 10/09/2019 09:54:20

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/09/2019 09:54:56

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/09/2019 09:55:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/09/2019 09:55:35

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/09/2019 09:55:54

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/09/2019 09:56:02

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 09:56:18

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/09/2019 09:56:36



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Raquel Arias Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Marián García Míguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En xuño de 2017, o conselleiro de Política Social comparecía a petición propia nesta Cámara para dar conta dos proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) en materia de política social. Entre as catro iniciativas que detallou estaba o proxecto Red May de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural.

A resposta da oposición, non por esperada deixou de ser triste. Os (daquela) tres grupos desprezaron os proxectos explicados aos que denominaron de “burla”, “catro programiñas” ou “microproxectos” e faláron de “inxección de cartos fundamentalmente para empresas privadas”. A voceira socialista chegou a dicir “Hoxe o máis interesante que dixo vostede aquí foi dar as boas tardes aos deputados e deputadas desta Cámara”.

Dous anos despois o certo é que o programa si espertou na sociedade o interese que non espertara nos grupos da oposición, evidenciando unha vez máis a desconexión social destes.

Este verán, a unidade móbil do proxecto Red May estivo instalada en diversos concellos galegos prestando atención podolóxica, oftalmolóxica ou relativa á enfermidade de Alzheimer a maiores de toda a xeografía galega, nunha iniciativa que concitou louvanzas de distintos sectores sociais por representar un avance tanto no envellecemento activo como na prestación de servizos no rural, todo na liña de abordaxe do reto demográfico que desenvolve a Xunta de Galicia e na que ten implicado a outras instancias administrativas, como demostra a colaboración con Portugal e o apoio das institucións europeas para este proxecto.

Rematado o verán, o Grupo Parlamentario Popular si considera interesante coñecer o detalle dos concellos visitados, usuarios atendidos e perspectivas de futuro do proxecto Red May.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Que balance fai a Xunta de Galicia da posta en marcha do proxecto Red May de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 10/09/2019 11:06:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/09/2019 11:07:10

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 11:07:27

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/09/2019 11:07:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/09/2019 11:08:10

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/09/2019 11:08:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/09/2019 11:08:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/09/2019 11:08:49



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Marián García Míguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

En xaneiro de 2017, o entón Presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, convocou unha Conferencia de Presidentes Autonómicos na que se incluíu como un dos temas fundamentais a tratar un longamente reclamado pola Xunta de Galicia: a necesidade de formular unha política transversal a nivel estatal para afrontar os desafíos sociais, financeiros e territoriais derivados da caída da poboación, do envellecemento e da despoboación dos entornos rurais.

A dita conferencia acordou a posta en marcha dunha Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico liderada polo Goberno de España pero tendo en conta tamén as propostas dos gobernos autonómicos e das distintas comisións de estudo creadas nos órganos lexislativos. Só unha semana despois, o Consello de Ministros aprobou a creación do Comisionado do Goberno fronte ao reto demográfico, así como a súa estrutura; un departamento ao que lle encomendou a elaboración da Estratexia Nacional acordada pola Conferencia de Presidentes.

Só un mes despois, a Comisionada mantivo unha reunión coa Xunta de Galicia para coñecer as súas propostas, iniciando así unha rolda de contacto cos gobernos autonómicos que se compaxinou coa constitución e reunións do grupo de traballo interministerial ao seu cargo.

A mediados de 2018, o cambio no Goberno de España levou aparellada unha substitución na figura do Comisionado. Unha nova Comisionada retomou as reunións. Iso si, a súa relación de actos publicada na web do Ministerio de Política Territorial e Función Pública só recolle encontros con membros de gobernos autonómicos do PSOE (Extremadura, Asturias e, daquela, Andalucía). A partires do inicio de 2019 desaparecen as reunións institucionais e co tecido asociativo para encherse dita axenda de participación en xornadas e entrevistas en medios de comunicación.

Outro indicativo da perda de interese sobre o reto demográfico por parte de determinadas forzas políticas foi a ausencia de PSOE do debate de aprobación de do informe final da Comisión sobre a Evolución Demográfica en España, unha das mencionadas no mandato da Conferencia de Presidentes como fontes básicas das medidas da futura Estratexia Nacional. Na sesión final desta Comisión, o 22 de febreiro



de 2019, o PSOE, que nin sequera presentara proposta algunha para o informe final, decidiu ausentarse da votación das restantes propostas (das que preto dun centenar partían do Grupo Popular).

En marzo de 2019, o Consello de Ministros aprobou unhas “directrices” da Estratexia Nacional, pero nada segue sen saberse do documento final da Estratexia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia dalgún avance na aprobación definitiva por parte do Goberno de España, da necesaria Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 11:13:32

Marta Rodriguez Arias na data 10/09/2019 11:13:52

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/09/2019 11:14:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/09/2019 11:14:20

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/09/2019 11:14:37

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/09/2019 11:14:56

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/09/2019 11:15:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/09/2019 11:15:19



A Mesa do Parlamento

Jackeline E. Fernández Macías, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

No ano 2016, o Partido Popular de Galicia presentouse ás eleccións autonómicas cun programa electoral que, na súa área de xuventude, adquiría, entre outros, o compromiso de “Incrementar o número de prazas en campamentos de verán”. A sociedade galega avalou de xeito maioritario ese programa electoral e corresponde agora ao goberno xurdido desas eleccións cumprilo.

O pasado 22 de abril publicábase no Diario Oficial de Galicia a orde pola que se convocaba e se regulaba a oferta de prazas xuvenís dentro da Campaña de Verán 2019.

A Consellería de Política Social, e máis concretamente, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, presentou un ano máis este programa con

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



diferentes tipos de iniciativas e proxectos orientados a mellorar a calidade de vida da nosa xuventude, así como incrementar as súas competencias e o seu benestar.

A oferta de ocio deste ano para os mozos e mozas durante a época estival, presentada baixo o lema “O verán que queres vivir”, contou cun total de 9834 prazas, o que supuxo 62 máis que o ano anterior.

Esta campaña de verán permitiulle á xuventude galega adicar o seu tempo libre a realizar actividades de educación non formal de carácter diverso, cumprindo tamén cos obxectivos de inclusión social, coma por exemplo, nos campamentos de verán abertos a persoas con discapacidade ou as convocatorias específicas para os fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Co programa “O verán que queres vivir”, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado deu resposta ás necesidades e inquiredanzas das mozas e mozos galegos, de xeito que:

- Fomentou o voluntariado en actividades cunha vertente formativa
- Mellorou a conciliación das familias galegas
- Dinamizou o sector da educación e o tempo de lecer



Tendo en conta o incremento de prazas xuvenís ofertadas, o aumento no número de campamentos ofertados, así como a diversificación das súas temáticas, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué balance realiza o Goberno galego da Campaña de Verán 2019 e dos campamentos levados a cabo na mesma, baixo o lema “O verán que queres vivir”?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/09/2019 11:19:10

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/09/2019 11:19:21

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/09/2019 11:19:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/09/2019 11:19:51

Marta Rodriguez Arias na data 10/09/2019 11:20:09

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/09/2019 11:20:26

María Soraya Salorio Porral na data 10/09/2019 11:20:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/09/2019 11:20:50

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 11:21:05



A Mesa do Parlamento

Jackeline E. Fernández Macías, Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Galicia conta cun sólido e longo percorrido a prol do fomento da Acción Voluntaria, impulsada pola Xunta de Galicia a través dos diferentes Plans Galegos de Voluntariado, que se veñen desenvolvendo de maneira planificada e sistemática desde o ano 2002.

O I Plan Galego de Voluntariado (2002-2005), puxo en valor o gran número de iniciativas de acción voluntaria que a sociedade galega levaba a cabo, mentras que o II Plan Galego de Voluntariado (2006-2010) centrouse en dar visibilidade ás Entidades de Acción Voluntaria.

Os sucesivos e posteriores Plans Galegos de Voluntariado, levados a cabo cada catro anos, estiveron orientados cara unha estratexia común de planificación e coordinación



da Acción Voluntaria na nosa comunidade autónoma, respondendo así aos obxectivos básicos en materia de voluntariado marcados no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Estes obxectivos pretenden, por un lado, promover a cultura da solidariedade e, por outro lado, establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos, segundo as súas necesidades, que melloren a calidade de vida das persoas en risco e incrementen a participación da cidadanía, especialmente da mocidade.

Seguindo nesta liña de actuación, no ano 2019 a Consellería de Política Social, a través do Consello de Acción Voluntaria, está a levar a cabo importantes avances en materia de voluntariado, convertendo así a Galicia nunha das comunidades máis solidarias de España.

Deste xeito, comprobamos como no primeiro trimestre deste ano 2019 púxose en marcha o Observatorio Galego de Acción Voluntaria co obxectivo principal de reforzar a traxectoria e o potencial do voluntariado galego, constituíndose como un instrumento fundamental para lograr unha maior eficiencia dos programas que xa se estaban a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



desenvolver con anterioridade á súa creación, así como constituír unha canle fundamental para que as entidades poidan participar na planificación, xestión e seguimento das políticas de acción voluntaria.

Cómpre sinalar por tanto, o gran esforzo da Xunta de Galicia en políticas de voluntariado con medidas precursoras, como por exemplo, o certificado homologado pola Unión Europea que acredita a experiencia voluntaria; unha acreditación da que Galicia é pioneira dentro de España.

Ademais, neste mes de xuño publicábanse no Diario Oficial de Galicia diversas subvencións neste mesmo senso. Por un lado, subvencións para entidades de acción voluntaria de carácter privado para o fomento e a realización de actividades de voluntariado; mentres que por outro lado, convocábanse as subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Por último, neste mesmo mes de setembro de 2019 coñecíamos a convocatoria de novos cursos (tanto en liña coma presenciais) dentro do Plan de Formación de voluntariado, incluíndo tanto formación básica como especializada, consolidando así a oferta formativa no ámbito do voluntariado, co obxectivo de mellorar estas accións e a xestión das mesmas.



Así pois, e tendo en conta todas estas liñas de actuación levadas a cabo pola Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué melloras concretas está a levar a cabo a Xunta de Galicia en políticas de voluntariado dentro de cada unha das distintas liñas de actuación citadas nesta exposición de motivos?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/09/2019 11:25:00

Marta Rodriguez Arias na data 10/09/2019 11:25:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/09/2019 11:25:25

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/09/2019 11:25:39

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/09/2019 11:25:52

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/09/2019 11:26:08

María Soraya Salorio Porral na data 10/09/2019 11:26:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/09/2019 11:26:33

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 11:26:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao saneamento e rexeneración das rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A comezos de setembro fixéronse públicos os datos dunha auditoría encargada por Augas de Galicia sobre o funcionamento das Estacións depuradoras de augas residuais de xestión municipal. Das 119 EDAR auditadas, 69 teñen un funcionamento regular ou deficiente, o que pon de manifesto unha situación moi preocupante, que ten consecuencias graves para a calidade das augas das rías e dos ríos.

Nesta auditoría non aparecen avaliadas as estacións depuradoras xestionadas directamente pola Xunta de Galicia, un total de 28. Moitas destas instalacións, como é o caso da EDAR dos Praceres, teñen graves problemas de capacidade e funcionamento, con efectos moi negativos para unha ría clasificada como zona sensíbel pola UE.

Por outra parte, Augas de Galicia tamén fixo públicos os datos de vertidos contaminantes nas rías galegas, que se cifran en 297. A estes hai que engadir outros 84 que están sendo investigados. Dos 297 vertidos contaminantes, 74 están na ría de Arousa, a máis grande a de maior produción pesqueira, acuícola e marisqueira. A seguir figuran a ría de Muros-Noia con 47 puntos de vertido, Ferrol con 32 e Pontevedra con 28.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Malia a importancia económica, ecolóxica e social das rías galegas, non existen estudos oficiais, encargados pola Xunta de Galiza, que analicen o estado das rías avaliando aspectos como a calidade das augas, a contaminación, a produtividade, o emprego, a diversidade de usos, etc.

Até o momento só se coñece un estudo sobre a ría de Arousa, realizado pola Universidade de Vigo con financiamento das confrarías e do Consello Regulador do Mexillón. Ademais do estudo da contaminación por chumbo do reló, o informe fai una análise das consecuencias dos vertidos de augas residuais sobre a calidade das augas e sobre a cantidade e a calidade do marisco e constata entre outros os seguintes problemas:

- Vertidos contaminantes de augas depuradas e non depuradas.
- Importantes deficiencias da rede de saneamento.
- Insuficiente ou inexistente tratamento terciario nas EDAR (mesmo nas de tecnoloxía máis avanzada como a de Cambados).

Tamén se analiza a mortandade de marisco como consecuencia da baixada da salinidade nos lombos do Ulla e a necesidade de regular os efectos do desaugamento dos encoros establecendo protocolos de actuación.

3. Os datos achegados polo sector pesqueiro e marisqueiro a partir dun estudo realizado pola Universidade de Vigo tamén alertan da grave perda de produtividade e do emprego nas rías, como consecuencia de factores coma contaminación, do cambio climático e dos cambios normativos impostos desde a UE.

4. A Xunta de Galiza ten competencias en materia de saneamento e depuración das augas, establecidas na Lei de Augas de 2010 e na normativa que a desenvolve.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre outras obrigas, figura a aprobación do Plan Xeral de Saneamento e dos Plans Locais de Saneamento, previstos tanto na Lei de Augas como no Regulamento de planificación en materia de augas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora o goberno galego a situación das estacións depuradoras de augas residuais e as súas consecuencias na calidade das augas?

2. Fixo a Xunta de Galiza algún estudo ou auditoría sobre os investimentos realizados en materia de depuración de augas residuais na última década?

3. Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para eliminar os vertidos contaminantes nas rías galegas?

4. Que valoración fai o goberno galego sobre o estudo realizado pola Universidade de Vigo sobre a contaminación e perda de produtividade da ría de Arousa?

5. Ten previsto o goberno galego realizar un estudo semellante sobre todas as rías galegas?

6. Considera necesario a Xunta de Galiza desenvolver un Plan Integral de Rexeneración e Aproveitamento dos recursos naturais, produtivos, turísticos e de lecer das rías galegas?

7. Cando prevé a Xunta de Galiza realizar o Plan Xeral de Saneamento previsto na Lei de Augas e no Regulamento de planificación en materia de augas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8. Ten previsto o goberno galego establecer medidas de protección e conservación das rías galegas?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 11:24:30

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 11:24:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 11:24:43

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 11:26:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 11:26:39

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 11:26:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á acción exterior da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Decreto de Acción Exterior aprobado en 2015 a Xunta de Galiza optou por unha política exterior dependente, subordinada e pouco ambiciosa. O 1 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia de Acción Exterior de Galicia, que concreta o marco creado polo Decreto nun documento xeralista, sen prioridades claras, sen liñas estratéxicas e sen medidas orzamentarias.

Na actualidade, a Xunta de Galiza carece dunha auténtica política de acción exterior. Non hai coordinación efectiva ao máis alto nivel, como o demostra o feito de que as competencias na materia teñan o rango de Dirección Xeral. De aí que en lugar dunha acción coordinada e conxunta teñamos unha suma de accións desconectadas e illadas de cada departamento. O Consello de Acción Exterior, creado polo Decreto 368/2009, é un organismo pouco operativo, que nin sequera se reúne coa periodicidade prevista. Tampouco existe desde a Xunta interese en coordinar e impulsar a acción exterior das cidades e en cooperar coas universidades na súa proxección internacional.

Por outra parte, cando se cumpriron 5 anos da entrada en vigor da Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, non existe un balance nin





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha folla de rota a este respecto, e moitas das expectativas creadas pola Lei Paz Andrade ficaron nunha declaración de boas intencións. Mentres en Galiza esta materia segue a ser unha sinatura pendente, outras comunidades como Extremadura están a facer os deberes e levan moita vantaxe ao respecto.

O pasado 18 de xullo o Consello da Xunta deu inicio á tramitación do anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación, que deberá fixar os obxectivos, as prioridades e as liñas de actuación neste ámbito. A elaboración dunha norma destas características debería ser obxecto dun amplo proceso de interlocución social e institucional, coa participación de persoas expertas, universidades, centros de estudo e análise, concellos, organizacións non gubernamentais de cooperación, e de todos os sectores sociais, económicos e culturais que teñen intereses e presenza no exterior.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que balance fai o goberno galego da aplicación da chamada Lei Paz Andrade?
2. Que prioridades ten a Xunta de Galiza en relación coa Lusofonía?
3. Considera de interese a creación do Observatorio Galego da Lusofonía?
4. Que xestións fixo a Xunta de Galiza a respecto da Casa da Lusofonía?
5. Que valoración fai o goberno galego do primeiro ano e medio da Estratexia Galega de Acción Exterior?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Ten previsto a Xunta de Galiza convocar e reactivar o Consello Galego de Acción Exterior, que non se reúne desde o ano 2017?
7. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto do impulso da formación en materia de cooperación e acción exterior?
8. Considera de interese colaborar coas cidades para a elaboración e desenvolvemento das Bases de Acción Exterior das cidades?
9. Considera o goberno galego necesario abrir un proceso participativo, en coordinación con todos os sectores sociais, económicos e culturais e con todos os axentes institucionais, para a que a Lei de acción exterior e cooperación teña carácter integrado e sexa froito do maior diálogo e consenso posíbel?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 14:01:58

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 14:02:03

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 14:02:10

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 14:02:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 14:02:25

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 14:02:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á política de bolsas universitarias da Xunta de Galicia.

As becas e axudas ao estudo supoñen un mecanismo fundamental para favorecer a igualdade de oportunidades ao alumnado con meirandes dificultades socioeconómicas, sendo un dos instrumentos polo que os fillos e fillas das clases máis desfavorecidas puideron acceder aos estudos, tanto en niveis medios como superiores. Deste xeito, o investimento en bolsas educativos foi unha ferramenta fundamental para reducir a fenda socioeducativa que padecía este país.

A escusa da crise económica, sen embargo, serviu de discurso para xustificar o xiro neoliberal das políticas educativas transformando esta ferramenta contra a inxustiza social nunha especie de premio de excelencia. Nese contexto cabe entender a mudanza dos criterios para acceder ás bolsas universitarias do Ministerio de Educación que reduciron o peso dos criterios socioeconómicos aumentando, á vez, as esixencias académicas, esquecendo que ambas están intimamente relacionadas.

Nese marco a Xunta de Galicia sacou adiante unha convocatoria de bolsas universitarias para o alumnado que accedera por vez primeira aos estudos universitarios e non acadara os requisitos académicos. Tratábase dunha convocatoria destinada, segundo o propio texto, a tratar de “cubrir, na medida do posible, as necesidades do alumnado universitario, liñas que, en prol da súa eficacia e eficiencia, deben adaptarse ás cambiantes circunstancias do contorno socioeconómico actual e ás variacións normativas producidas no ámbito estatal”.



Unha referencia clara á modificación do sistema de becas producido no marco do Ministerio de Educación que implicou o cambio de concepción das becas como un mecanismo para combater a desigualdade para pasar a ser un premio polo que competir. O trunfo do xiro neoliberal nas políticas educativas.

Deste xeito a Xunta de Galicia realizou unha convocatoria para o curso 2016/2'17 e outra para o curso 2017/2018 dotadas cunhas partidas de 200.000€ para cubrir as matrículas do alumnado que non fora quen de acadar os requisitos académicos de acceso establecidos na convocatoria do Estado.

Axudas que no seu momento xa cualificamos de insuficientes toda vez que só se ocupan de cubrir o prezo de matrícula pero deixa á súa sorte todos os custos da vida universitaria do estudiantado.

Porén no presente curso académico a convocatoria desapareceu.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Por que non se publicou a convocatoria para o curso académico en curso (2018/2019)?
- 2.^a) Vaise recuperar a convocatoria?
- 3.^a) Ten pensado o Goberno galego traballar nunha política de axudas e bolsas ao estudo propias que atenda as necesidades do estudiantado galego?
- 4.^a) Que medidas ten aplicado o Goberno galego para atender as necesidades de transporte do estudiantado universitario?
- 5.^a) Cantas persoas viron denegada a solicitude de bolsas nas convocatorias previas?
- 6.^a) Cales foron os motivos máis habituais para dita negación?



7.^a) Considera suficiente o Goberno galego a dotación orzamentaria destas bolsas?

8.^a) Como pensa o Goberno galego que os estudantes e as estudantes se poden manter mentres realizan os seus estudos?

9.^a) Considera adecuado o Goberno galego o prazo de resolución?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/09/2019 16:42:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/09/2019 16:43:14



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Jose Manuel Rey Varela e Isabel Novo Fariña, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Goberno galego vén mantendo nos últimos anos un compromiso firme cos galegos da diáspora, tanto para garantir o seu benestar no exterior como para favorecer e facilitar o seu retorno a Galicia. Para afondar nesa liña, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Mostra disto é a Estratexia Emigración 2020 e a Estratexia Retorna 2020, ambas aprobadas no 2018.

No caso da Estratexia Retorna 2020, a Xunta estableceu como obxectivo prioritario o regreso de máis de 20.000 galegos da diáspora, dos cales 12.000 terán menos de 45 anos, garantindo así os seus dereitos de retorno. Este documento contempla numerosas actuacións dirixidas a garantir “o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”, un principio reitor recollido no artigo 4.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha estratexia dotada de 15 millóns de euros para medidas específicas e 220 millóns de euros para accións transversais que abarca dende o asesoramento e seguimento dos galegos da diáspora en todas as fases do retorno, ata medidas de protección social e de integración no mercado laboral, o emprendemento, a innovación, a vivenda ou a formación.

Precisamente no eido da educación, a formación e a captación de talento do exterior, a Secretaría Xeral de Emigración leva anos convocando as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), das que se beneficiando os mellores expedientes académicos da



diáspora galega, que obteñen unha axuda económica para cursar un mestrado nunha das tres universidades públicas da nosa comunidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estas bolsas de estudos incentivan o retorno de galegos residentes do exterior con currículos excelentes, contribuíndo a que Galicia se converta nun lugar onde estudar e continuar a carreira profesional como destino laboral de calidade. Do mesmo xeito, estas bolsas favorecen a fixación de poboación nova na Galicia territorial, abrindo aos estudantes do mestrado a novas oportunidades de emprego e de emprendemento.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión.

-Que valoración fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento das Bolsas Excelencia Mocidade Exterior en relación ao seu impacto no eido social, cultural, económico e demográfico e cal é a súa previsión de cara ao curso 2020/2021?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 16:48:09

Paula Prado Del Río na data 10/09/2019 16:48:31

Alberto Pazos Couñago na data 10/09/2019 16:48:46

Beatriz Mato Otero na data 10/09/2019 16:49:06

Jacobo Moreira Ferro na data 10/09/2019 16:49:35

Diego Calvo Pouso na data 10/09/2019 16:50:15

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/09/2019 16:50:29

José Manuel Rey Varela na data 10/09/2019 16:50:54

María Isabel Novo Fariña na data 10/09/2019 16:51:25

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Jose Manuel Rey Varela e Isabel Novo Fariña, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª; Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Na última década, máis de 40.000 emigrantes galegos volveron do estranxeiro e nos últimos cinco anos as cifras de retorno veñen experimentar un incremento sostido. Do mesmo xeito, no 2018 o saldo migratorio volveu rexistrar datos en positivo, xa que entraron a Galicia 13.136 persoas máis das que saíron.

A Xunta de Galicia, a través da Estratexia Retorna 2020 e outras medidas postas en marcha con anterioridade, mantén unha actitude activa, comprometida e baseada no apoio, acompañamento e seguimento aos galegos que deciden volver a súa comunidade de nacemento ou a dos seus pais ou avós.

O obxectivo fundamental do Goberno galego é favorecer o seu regreso garantindo as mellores condicións para os retornados en todos os eidos, dende o económico e o laboral ata o social e o cultural, para acadar a súa plena integración e a das súas familias.

Así, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Nesa liña se enmarcan as Axudas ao Retornado Emprendedor, coas que a Secretaría Xeral de Emigración pretenden promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas do exterior.

As Axudas ao Retornado Emprendedor intégranse na Estratexia Retorna 2020 e constitúen un dos múltiples programas postos en marcha nos últimos anos para, en conxunto, facilitar o inicio dunha nova vida en Galicia. Medidas entre as que tamén se



atopan as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior, para que os mellores expedientes da diáspora cursen un mestrado nas universidades públicas galegas; as bolsas á Formación Profesional ou o apoio económico aos emigrantes retornados con especiais dificultades ou sen recursos, aos que a Xunta concede axudas para facer fronte aos gastos derivados do seu regreso, especialmente as familias con menores a cargo.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión.

-Que balance fai a Xunta de Galicia das Axudas ao Retornado Emprendedor e o seu impacto na sociedade galega?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/09/2019 16:40:56

Alberto Pazos Couñago na data 10/09/2019 16:41:19

Beatriz Mato Otero na data 10/09/2019 16:41:55

Paula Prado Del Río na data 10/09/2019 16:42:18

Jacobo Moreira Ferro na data 10/09/2019 16:42:46

Diego Calvo Pouso na data 10/09/2019 16:43:00

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/09/2019 16:43:31

José Manuel Rey Varela na data 10/09/2019 16:43:49

María Isabel Novo Fariña na data 10/09/2019 16:44:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A fins de agosto do ano en curso, diferentes medios de comunicación escrita fixéronse eco por primeira vez do malestar dos veciños de Sobrado dos Monxes debido ás irregularidades no transporte, almacenamento e distribución de lodos de diferente procedencia así coma de partidas de produtos que pasan por seren fertilizantes pero que non cumpren con ningunha normativa legal.

Estes depósitos, moitos deles camuflados no entorno e dificilmente visibles, espallados polos montes dese concello non cumpren coas mínimas condicións esixidas e son utilizados coma almacenamento antes de ser repartido o seu contido coma suposto fertilizante entre algúns labregos, queremos supoñer ignorantes do perigo que entraña o seu uso.

Esta situación arrástrase no tempo desde hai xa anos constituíndo un grave perigo para o medioambiente e para a saúde alimentaria e humana.

Estes depósitos e estas prácticas danse a escasa distancia dos nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, sendo o perigo maior cando as chuvias son copiosas en que as balsas rebozan e flúen ladeiras e regatos abaixo buscando o río principal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É de destacar que toda esta serra, chamada Montes do Bocelo, é un espazo estratéxico para o futuro pola acumulación de acuíferos, por estar elevada e por tanto potencialmente fornecedora de auga potable ós concellos das súas estribacións (Melide, Boimorto, Vilasantar, Curtis, Guitiriz...)

O uso agrícola deste falso fertilizante supón ademais unha ameaza para o bo nome e calidade dos produtos agrogandeiros da zona e un risco futuro nas axudas agroambientais e da PAC polo alto contido en metais pesados que permanecen moito tempo nos solos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cando ten coñecemento o goberno galego da existencia destas balsas e destes usos contrarios ó medioambiente e ás boas practicas agrícolas?

-Fai o goberno galego o seguimento e as inspeccións necesarias nas empresas que tratan e teoricamente transforman os lodos de depuración, dixestatos e outros refugallos en fertilizantes para asegurar ós agricultores e á poboación en xeral a súa saúde e a dos seus animais e produtos?

-Que medidas tomou ata a data de hoxe a respecto do aparecido e intervido en Sobrado dos Monxes a fins do mes de agosto pasado?

- Que accións pensa desenvolver cos responsables das irregularidades detectadas nese municipio?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Entre as analíticas efectuadas están as microbiolóxicas que detectan se os lodos usados coma fertilizantes levaran tratamento ou non?

-Algunhas das balsas foron achandadas e cegadas en poucos días. Esta operación foi feita baixo a supervisión e control dos servizos de Medio Ambiente?

-Foron baleiradas dos lodos e demais residuos antes de ser feito o selado?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 17:18:32

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 17:18:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 17:18:45

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 17:18:51

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 17:18:59

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 17:19:06





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á situación na que se atopan as obras que se están realizando no IES Illa de Tambo no concello de Marín.

@s profesionais que traballan no centro de ensino IES Illa de Tambo ao incorporarse a principios de setembro ao traballo, despois do período vacacional atopáronse coa sorpresa de que as obras que se tiñan que ter realizado no centro non están rematadas e pode estar en risco o inicio do curso escolar.

O IES Illa de Tambo é o centro de referencia da vila de Marín que ofrece cursos para ensinanza da ESO e bacharelato e conta con arredor de 600 alumn@s.

O pasado 10 de maio, a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria licitou unhas obras de rehabilitación integral do centro que consisten en melloras na eficiencia enerxética, renovación dunha sala de caldeira de biomasa, illamento da fachada, cuberta do ximnasio e substitución de fiestras.

A adxudicación da reforma do instituto foi anunciada o 9 de xullo e que comezarían as obras nos vindeiros días. Mais a realidade é que non comezaron até o día 20 de agosto, dándose a situación de que a primeiros de setembro, nas probas de avaliación, había aulas ou o salón de actos que estaban inaccesíbeis por ditas obras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O día 5 de setembro, a conselleira de educación, Carme Pomar, visitaba as obras do instituto e anunciaba que o mais molesto estaba rematado e o centro xa podía funcionar con normalidade.

Mais a normalidade non é tal, xa que este luns día 9, o persoal do centro tiña que colocar unha mesa na beirarrúa para poder xestionar as matrículas do alumnado, xa que no venres ás 14:30 eran avisados que non poderían acceder ao centro pola manipulación de amianto.

Parece obvio que a entidade das obras tería requirido que as mesmas se tiveran iniciada nada máis ter rematado as clases e ter feito seguimento das mesmas para que foran a un ritmo que garantira que estiveran rematadas para o inicio de curso.

Mais nada máis lonxe da realidade, a escasos días da data do inicio do curso escolar para @s 600 alumn@s do IES Illa de Tambo, todo indica que vai ser imposible que o curso se poida iniciar tanto polo risco que supoñen as obras para a comunidade educativa como a inviabilidade de convivir obras e labor docente.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Parécelle admisíbel que o persoal teña que traballar na beirarrúa e recibir alí ás persoas que se achegan a facer xestións ao centro?

-Está a Xunta de Galiza en condicións de garantir o inicio do curso escolar con normalidade no IES Illa de Tambo de Marín?

-Que actuacións vai realizar para que sexa posíbel?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-De quen é a responsabilidade de que a escasos días do inicio do curso o IES Illa de Tambo estea na situación descrita?

-Cal é a explicación de que unhas obras desta magnitude non se planifiquen para iniciarse xusto ao remate do período lectivo para garantir que non interfira na labor docente e non causar ningún prexuízo ao alumnado?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 17:34:27

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 17:34:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 17:34:44

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 17:34:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 17:35:01

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 17:35:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

A recollida, xestión e tratamento dos residuos sólidos urbanos é unha materia central para construír sociedades máis sustentábeis e loitar eficazmente contra a emerxencia climática. No noso contexto existe normativa de ámbito europeo, estatal e galego que establece o marco para a xestión destes residuos e fixa a planificación con medidas e obxectivos temporais concretos para cada tipo de residuo. Trátase da Directiva Marco de Residuos de 2008, da Directiva Europea de Residuos (actualización de 2015 e seguintes, paquete de medidas de Economía Circular), da Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados, o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos 2016-2022 (PEMAR) e o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia (PXRSUG) na súa versión inicial e na actualización de 2016.

A realidade é que se trata dunha normativa cambiante, en constante evolución na dirección de establecer obxectivos máis esixentes, especialmente no que ten a ver coa fracción maioritaria dos RSU, os residuos orgánicos ou biorresiduos, que supoñen aproximadamente o 50%.

O artigo 24 da lei 22/2011 de residuos e solos contaminados establece que os plans autonómicos deben incluír medidas para a recollida separada dos biorresiduos e o





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu tratamento posterior, a compostaxe doméstica e o uso de compost producido a partir de biorresiduos. Na actualidade está en tramitación unha revisión deste artigo, que no borrador establece o seguinte:

- Obriga da recollida separada dos biorresiduos para destinalos á compostaxe ou á dixestión anaerobia.
- Garantir que o tratamento de biorresiduos recollidos separadamente se realice através de compostaxe doméstica ou comunitaria, ou en instalacións específicas.

Pola súa parte o PEMAR establece que as comunidades autónomas deberán revisar os seus plans para adaptar a súa estrutura, obxectivos e período de vixencia e avaliación, así como especificar como se enfoca a xestión dos biorresiduos neses plans conforme o establecido no PEMAR. O obxectivo é que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclábeis deberá alcanzar como mínimo en conxunto o 50% ao peso.

A Xunta de Galiza revisou en 2016 o PXRUSU para adaptalo ao PEMAR e nesta revisión fíxanse os seguintes obxectivos a respecto da compostaxe:

- Tratamento de 245.000 tn de biorresiduos para compostaxe
- Ademais das plantas xa existentes (Nostián, Lousame e O Morrazo), construción dunha nova planta de Cerceda e 10 plantas de ámbito local/comarcal.
- Creación doutras infraestruturas: microplantas, autocompostaxe e compostaxe comunitaria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais de cumprir estritamente a xerarquía de residuos, a compostaxe dos biorresiduos axústase aos principios de autosuficiencia e proximidade, ademais da corresponsabilidade, que deben orientar unha xestión sustentábel dos RSU. E fica claro que non se poden cumprir os obxectivos marcados na normativa europea e estatal se non se potencia o tratamento dos biorresiduos para a compostaxe.

Neste sentido, por parte do goberno do Estado impulsáronse experiencias piloto de fomento da compostaxe que inclúen a xestión mediante instalacións comunitarias, ademais da compostaxe doméstica. Tamén a Deputación de Pontevedra promove o Plan Revitaliza, que contempla a compostaxe doméstica, comunitaria e en planta. E a propia Xunta de Galiza no PXRSU contempla uns obxectivos de compostaxe que non se están a cumprir porque na práctica a administración galega vai en dirección contraria cos macrocontratos para a ampliación da capacidade da planta de SOGAMA.

A compostaxe comunitaria é unha vía imparábel e de futuro, polo que debe ser promovida polas administracións. E a Xunta de Galiza debe liderar este proceso, procurando un gran acordo a este respecto coas entidades locais e todos os axentes sociais. Lamentablemente, o anteproxecto de lei de residuos actualmente en tramitación non dá unha resposta acaída para este importante desafío da nosa sociedade. Mais aínda estamos a tempo de corrixir o rumbo e situarnos á cabeza de Europa con solucións avanzadas, eficaces e respectuosas co medio.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como prevé a Xunta de Galiza cumprir o obxectivo de que antes de 2020 a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reutilización e o reciclado (papel, vidro, metais, plástico, biorresiduos e outras fraccións reciclabeis) alcance como mínimo en conxunto o 50% ao peso?

2. Vai promover o goberno galego un gran acordo sobre o tratamento dos residuos urbanos e nomeadamente para o fomento da compostaxe dos biorresiduos?
3. Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para o fomento da compostaxe doméstica e comunitaria?
4. Comparte o goberno galego a oposición á compostaxe comunitaria por parte de dirixentes locais do PP?
5. Como prevé cumprir o obxectivos sobre compostaxe recollidos na revisión de 2016 do PXRSU de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 16:54:31

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 16:54:37

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 16:54:45

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 16:54:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 16:55:00

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 16:55:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao enorme custo que ten para as familias o inicio do curso escolar.

Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto comezar o curso non debería ser motivo de preocupación para as familias. Sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto supoñen un importante desembolso económico para moitas familias: libros, material, uniformes, actividades, etc.

A ausencia de datos oficiais consultamos os datos xornalísticos que indicaban que o pasado ano a media fora duns 800 euros por familia, unha factura demasiado elevada.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

- 1.^a) Ten coñecemento o Goberno galego do custo que asumen as familias no inicio de curso?
- 2.^a) Que vai facer o Goberno galego para reducir a factura que as familias galegas asumen cada inicio de curso?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda



Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/09/2019 19:13:18

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/09/2019 19:13:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á cobertura de baixas no inicio do curso escolar.

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia que, este ano, terán que agardar para que as prazas de mestres baleiras sexan cubertas.

Este ano, non se fará o chamamento do persoal para cubrir as baixas de persoal ata o día 10 de setembro, é dicir, apenas un día antes de iniciado, o que implica que o novo profesorado non terá tempo algún para a preparación do curso, nin para coñecer as necesidades do alumnado, nin para coordinarse co resto de cadro de persoal.

O sentido común di que eses chamamentos xa se deberían estar a producir, sobre todo nos casos de interinidades para todo o curso escolar que a día de hoxe a Administración xa sabe que existen. Deste xeito o profesorado podería incorporarse canto antes aos centros e participar xa nas tarefas de organización pedagóxica previas ao comezo das actividades lectivas. Ao respecto das substitucións, comezar canto antes evitaría que, como sucede curso tras curso, se tarden varios días en cubrir substitucións, provocando que o alumnado non teña



ao persoal docente que require e que se sobrecargue ao resto do equipo educativo.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta en Comisión:

- Que motivos xustifican que non se faga o chamamento ao persoal substituto con tempo suficiente para a preparación do curso?

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/09/2019 19:43:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/09/2019 19:44:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 5ª**

A Asociación Estatal de Directoras e Xerentes en Servizos Sociais vén de publicar o informe correspondente ao ano 2018 sobre o gasto social autonómico en Sanidade, Educación e Servizos sociais. O resultado final que ofrece dito informe pon de manifesto que Galicia é unha das Comunidades Autónomas que non recuperou en ditas áreas o gasto previo que había antes de que se produciran os recortes.

Os datos son moi ilustrativos e indicativos da forte redución de gasto público que levou a cabo a Xunta de Galicia a partir do ano 2009. Neste ano o gasto en Servizos Públicos Fundamentais (Sanidade, Educación e Servizos Sociais) acadou un total de 7.106 millóns de euros, mentres que no ano 2018, o gasto nestas función situouse aínda nun 3,75% por debaixo, é dicir, nun total de 6.839 millóns de euros; 266 millóns menos. Cando se observa o gasto por habitante, e tendo en conta que a poboación galega non crece, este tamén se reduciu. Se no ano 2008 o gasto por habitante nos Servizos Públicos Fundamentais era de 2.567 euros, no ano 2018, foi de 2.531 euros, un 1,4% menos. Todo isto implica que o gasto orzamentario en Sanidade, Educación e Servizos Sociais, tamén se viu reducido nun 2,6%, pasando de representar o 66,4% do gasto total no ano 2009 a representar o 63,2% no ano 2018.

Deste xeito, Galicia é unha das Comunidades Autónomas que se atopa mais alonxada do gasto previo aos recortes realizados. Así as CCAA que aínda se atopan cun gasto inferior son Andalucía (-0,2%), Canarias (-0,8%), Castela e León (-0,9%), Madrid (1,7%) e Galicia (-3,7%).

Cando se analiza o gasto por áreas pódese observar con maior detalle a evolución do gasto. En Sanidade o gasto situouse no 2018 en 3.858 millóns, isto é, 80 millóns de euros menos que no ano 2009. En educación, o gasto foi de 2.262 millóns no ano 2018, isto é, 181 millóns por debaixo do gasto previo aos recortes. En Servizos Sociais, o gasto é de 5 millóns de euros inferior e no correspondente ao gasto no resto de políticas, este sitúase en 584 millóns de euros menos do gasto previo aos recortes.



Finalmente, hai que ter en conta que a redución do gasto é amosada en termos nominais. Deste xeito, cando se ten en conta a inflación producida ao longo destes anos, a caída do gasto é moi superior á indicada: Galicia precisaría aumentar o gasto en 623 millóns de euros para acadar o mesmo volume de gasto, en termos reais, que mantíña en Servizos Públicos Fundamentais antes dos recortes levados a cabo pola Xunta.

Polo exposto, a deputada e os deputados subscribintes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª

- 1) Como explica a Xunta que Galicia aínda non recupérase o gasto en Servizos Públicos Fundamentais previo á crise?
- 2) Como explica a Xunta que o gasto en Sanidade sexa inferior no ano 2018 ao que había antes da crise?
- 3) Como explica a Xunta que o gasto en Educación sexa inferior no ano 2018 ao que había antes da crise?
- 4) Como explica a Xunta que o gasto en Servizos Sociais sexa inferior no ano 2018 ao que había antes da crise?
- 5) Como explica a Xunta que o gasto por habitante en Servizos Públicos Fundamentais sexa inferior no ano 2018 ao que había antes da crise?
- 6) Como explica a Xunta que o gasto orzamentario en Servizos Públicos Fundamentais sexa un 2,6% inferior ao que había antes dos recortes?
- 7) Ten a Xunta establecido algún plan para recuperar o gasto en termos reais en Servizos Públicos Fundamentais anterior á crise?

Santiago de Compostela, a 10 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/09/2019 20:24:16

David Rodríguez Estévez na data 10/09/2019 20:24:22

Luis Villares Naveira na data 10/09/2019 20:24:29

Paula Vázquez Verao na data 10/09/2019 20:24:46



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a.

O inicio de curso en educación infantil e primaria na provincia de Lugo semella que non está a ser tan normal como os servizos de información da Xunta de Galicia e mesmo as propias palabras da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional pronunciadas nesta data durante unha visita ao CEIP de Casás en Lugo, ao afirmar que *“o inicio das clases non se atrasará en ningún centro educativo galego a pesar de que hai colexios nos que aínda continúan obras de mellora cuxa execución comezou a realizarse durante o verán”*

No caso da Mariña lucense, en nun claro exercicio de propaganda, a Delegación Territorial da Xunta en Lugo confirmou que os tres colexios da comarca onde se están levando a cabo obras de reforma integral e mellora da eficiencia enerxética —os CEIP N^o 1 de Foz, o Virxe do Carme de Burela e o de Cervo— empezarán as clases o próximo día 11, a data establecida para o inicio do curso do alumnado de 2^o de ciclo de infantil, primaria e educación especial. Iso si, ante a posibilidade (por non dicir certeza) da existencia de obras nos centros, tamén se afirmou que *“O equipo técnico da consellería, en coordinación coas empresas adxudicatarias das obras e cos equipos directivos dos centros, deron prioridade ás obras que afectan ao interior das instalacións, aulas e espazos docentes precisamente para que estean listos de cara ao inicio do curso”,* pero que *“poden continuar algúns traballos no exterior, fundamentalmente nas fachadas dos centros, ou pequenos remates no interior das instalacións, que en ningún caso interferirían na actividade ordinaria dos colexios”.*

Todo indica que no CEIP N^o 1 de Foz comezará o curso sen dispoñer do edificio antigo, nin o patio de educación infantil, nin o pavillón e, posiblemente, deban facerse quendas durante os períodos de lecer.

No caso de Cervo, a ANPA decidiu por unanimidade non mandar aos seus fillos e fillas ao centro ante o estado no que se atopan as obras do centro escolar.

Outro caso que evidencia que a execución das obras non é tan modélica como se pretende facer ver é o caso do CEIP de Casás en Lugo no que, pese á visita da señora conselleira, a ANPA nun extenso comunicado pide que o alumnado non acuda ao centro, polo menos, durante esta semana.



Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que explicación pode dar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional sobre as incidencias sinaladas?

2ª) Considera que as xustificacións dadas nas que, ou ben os responsables son os concellos por retrasar as licenzas municipais, ou ben é a falla de aluminio, ou ben resulta que agosto é un mes complicado para ter a subministración necesaria, son razoables?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/09/2019 20:34:41

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/09/2019 20:34:55

Patricia Otero Rodríguez na data 10/09/2019 20:35:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados do Grupo Parlamentar Mixto, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**

A instalación dun parque eólico na Serra do Iribio é un atentado ecolóxico e social e unha chapuza administrativa na súa tramitación. No aspecto do Patrimonio Cultural, supón a destrución de elementos arqueolóxicos e a afectación de bens BIC.

A Serra do Iribio é un lugar emblemático da nosa historia, toda unha serra atravesada polo Camiño Real e de Arrieiros que conectaba Ponferrada co interior galego, un camiño que conserva pegadas como portádegos, ventas e carreiros, algúns xa destruídos irremediabilmente, ademais de mámoas (unha delas xa afectada, a da “medorra do Fial”), neveiros e capela.

Dende o Iribio divísase a Cova de Eirós, tamén ameazada pola mesma depredación empresarial, un elemento esencial da historia europea que dá conta da penetración dos seres humanos no noroeste e fundamental para coñecer a vida das primeiras comunidades humanas en distintas épocas prehistóricas; en días claros, podemos ver Lugo, vemos o Courel e Fonsagrada, os picos de Ancares... É un espazo central no País galego dende onde ubicarnos.

Contrariando as propias leis e disposicións da Xunta, o DOG do 14 de agosto de 2019 publica o contido normativo da modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico de Oribio, modificación acordada polo Consello da Xunta de Galicia do 27 de xuño de 2019.

Previamente a esta aprobación, consta en 2018 a proposta por parte da empresa Fergo Galicia Vento dunha modificación do proxecto do parque eólico Oribio aprobado no 2009.

A respecto desta proposta de modificación, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un informe o 30 de xullo de 2018, un informe favorable a dita modificación, pero cunha serie de medidas protectoras e correctoras que se deben ter en conta por parte da empresa.



Dito documento sinala que a traza do Camiño Francés se sitúa no seu punto máis próximo a 2 km das obras do parque, e o territorio histórico BIC a 1,55 quilómetros, estando o parque no límite da zona de amortecemento do BIC.

A respecto dos accesos ao parque, o documento da DX de Patrimonio Cultural considera, estudada a proposta de modificación achegada pola empresa, que estes se realizarán a través da estrada CP-4505, “inevitabilmente a través do territorio histórico do BIC Camiño Francés e da súa zona de amortecemento”, e que as obras necesarias poderán causar afeccións ao patrimonio cultural.

Pero estes accesos non son os que finalmente terá o parque. O proxecto de modificación presentado pola empresa e aprobado pola Xunta non inclúe o cambio de accesos que a empresa realizou de facto con obras iniciadas sen os permisos pertinentes da Dirección Xeral de Patrimonio e da Consellería de Industria.

Dende xuño – cunha paralización de por medio por non ter licenza municipal–Fergo Galicia Vento está facendo accesos ao parque eólico, antes de que se aprobara a modificación do proxecto polo Consello da Xunta e sen ter autorización para un cambio radical do trazado nos accesos (os orixinais, dende Pedrafita; agora, dende Aira Padrón), trazado que afecta ao BIC Camiño Francés a Santiago e sen as autorizacións pertinentes. Estas obras xa alteraron camiños tradicionais, pese a que a autorización de reanudación das obras por parte do Concello de Samos dispuña que sería coa condición de que non se variase o largo nin o trazado do camiño orixinal, actuacións que precisarían, neste caso, da autorización previa do Servizo de Conservación da Natureza da Xunta. Só falta camiñar polas novas pistas para darse conta de como se fixeron desmontes e se ampliou o camiño.

En canto á toponimia, a DX de Patrimonio chama a atención sobre a ausencia de recollida de topónimos singulares na Memoria de Avaliación de Impacto Arqueolóxico presentada en 2004.

Así, a empresa debería ter en conta:

- Realizar control e seguimento arqueolóxicos. Ademais, previo inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico, que deberá ser autorizado pola DX de Patrimonio.
- Atender especialmente durante o control arqueolóxico á existencia de pavimentos do antigo Camiño Real, así como os topónimos relativos ao mesmo.



- En relación ao acceso ao parque eólico, cando se teña definido cal será o percorrido desde unha estrada xeral, deberase remitir un documento, asinado por un técnico arqueólogo, onde se reflicta este percorrido ese verifique que non existen elementos do patrimonio cultural que puideran verse afectados polas obras necesarias para o seu acondicionamento.

- A partir dos resultados das actuacións arqueolóxicas, en cada unha destas fases, a Dirección Xeral decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Polo exposto, a deputada e os deputados que subscriben, presentan a seguinte pregunta para súa resposta oral na comisións 4ª:

1. Achegou a empresa os documentos solicitados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe sobre o proxecto de modificación do parque eólico Oribio? En que datas?
2. Cando entregou a empresa o proxecto arqueolóxico requirido no informe sobre o proxecto de modificación do parque eólico Oribio en xullo de 2018?
3. Vai a Dirección Xeral de Patrimonio actuar ante a modificación de facto dos accesos ao parque? Contan estes accesos con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio? De ser así, en que data?
4. Cando entregou a empresa á DX de Patrimonio o documento sobre os accesos requirido?
5. Por que considera que o impacto dos aeroxeradores do Iribio sobre o Camiño de Santiago será pouco significativo, mentres considera que a LAT que subministra o parque si tivo que acometer actuacións redutoras deste impacto?
6. Por que a Dirección Xeral de Patrimonio non lle dá relevancia á toponimia no caso da “medorra do Fial”, aínda que esta neste momento non sexa un elemento catalogado, e si lle dá a outros topónimos?
7. Vai actuar a Dirección Xeral de Patrimonio ante o deterioro dos restos de trazado de Camiño Real provocado polas obras dos accesos? Realizou a



Xunta algunha investigación in situ sobre o Camiño Real que atravesa a Serra do Iribio? Cando? Que conclusións obtivo?

8. Que medidas vai impulsar a Xunta para protexer a riqueza natural e patrimonial da Serra do Iribio?
9. Considera compatible o proxecto eólico do “Oribio” cos valores medioambientais e culturais da Serra do Iribio?

Santiago de Compostela, a 10 de setembro de 2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 10/09/2019 21:31:58

David Rodríguez Estévez na data 10/09/2019 21:32:02

Luis Villares Naveira na data 10/09/2019 21:32:11

Paula Vázquez Verao na data 10/09/2019 21:32:21



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Jackeline Elizabeth Fernández Macías, Marián García Míguez, Raquel Arias Rodríguez e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación demográfica, de envellecemento e de dispersión poboacional que vive Galicia teñen como derivada a existencia dun grande número de persoas maiores que viven soas.

Xa no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016 se identificaba ese problema e propoñían medidas, tanto no eido sanitario como no de benestar social, de apoio a estes maiores, especialmente no atención á súa axeitada nutrición, teleasistencia, seguimento e apoio emocional.

En consecuencia, ao coincidir coa nosa proposta programática e coas nosas prioridades declaradas, este grupo non tivo obxección en apoiar a moción presentada polo Grupo Socialista que encomendaba á Xunta a elaboración dun informe de diagnóstico, acompañado dun censo de persoas maiores que vivisen soas e, a partires destes datos, elaborar unha estratexia de atención a estas persoas.

O Grupo Popular é coñecedor dos distintos proxectos xa iniciados pola Xunta tanto en teleasistencia como en programas de voluntariado ou diversos tipos de atención a domicilio pero entende que, en resposta aos compromisos electorais do partido que a sustenta e aos acordos deste Parlamento, debe avanzar aínda máis na súa abordaxe deste problema.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que novas medidas prevé adoptar a Xunta de Galicia para avanzar no apoio e protección ás persoas maiores que viven soas?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 11/09/2019 12:04:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/09/2019 12:04:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 11/09/2019 12:05:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 11/09/2019 12:05:24

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 11/09/2019 12:05:44

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/09/2019 12:05:52

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2019 12:06:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/09/2019 12:06:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o proceso de tramitación do anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada ‘Universidad Intercontinental de la Empresa’ e as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galiza.

A Xunta de Galiza vén de pór a exposición pública o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada ‘Universidad Intercontinental de la Empresa’ como parte do proceso de tramitación da solicitude feita pola fundación da entidade financeira Abanca para crear unha universidade privada, a primeira, en Galiza.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego seguimos con atención esta solicitude e os pasos que está a dar o Goberno galego ao respecto. Neste senso, formulamos preguntas na Comisión 4ª a finais de 2018 para coñecer en detalle a proposta formulada por Abanca e as repercusións que o nacemento dunha universidade privada no noso país suporía para o SUG. Naquela altura, demos traslado á Xunta da preocupación que este feito suscitou





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nas tres universidades públicas galegas polas distorsións que o xurdimento dunha outra, de carácter privado, no mapa universitario.

Así mesmo, solicitamos ao abeiro do artigo 9 copia de todos os documentos referidos á solicitude de creación dunha universidade privada, porén, apenas nos foi remitido unha sucinta resposta que non atende as nosas demandas.

Por exemplo, a Secretaría Xeral de Universidades di contar cun informe “favorábel” sobre “a pertinencia socioeconómica” da proposta feita pola entidade financeira a través da súa fundación, porén, este non nos foi remitido e descoñecemos o seu contido e alcance.

Para o BNG é indispensable contar con luz e taquígrafos na tramitación desta solicitude e coñecer todos os datos en cada un dos pasos pola importancia e magnitude que terá para o conxunto do SUG e, por extensión, do país.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que “pertinencia socioeconómica” existe na proposta de creación da universidade privada formulada por Abanca?

- O informe elaborado pola Xunta de Galiza ao respecto desta solicitude, prevé posíbeis distorsións e duplicidades na proposta de Abanca en relación co mapa de titulacións actualmente existente no SUG?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como cre a Xunta de Galiza que afectaría a creación desta universidade privada no actual SUG?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 12:49:22

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 12:49:32

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 12:49:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 12:49:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 12:50:00

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 12:50:08



A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O Observatorio Galego da Mobilidade de Terras, creado no 2016 grazas a un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) -ambos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural-, a Axencia Tributaria de Galicia, o Instituto de Estudos del Territorio, a Fundación Juana de Vega e a Universidade de Santiago de Compostela, supuxo un gran avance xa que, por primeira vez, contouse cun instrumento fiable e rigoroso para o análise do movemento de terras na nosa Comunidade.

Así pois, o obxectivo era, que a través da emisión dos diferentes informes, poder tomar decisións futuras a partir deses datos contrastados.

Por iso, é importante que as administracións implicadas teñan información veraz de cara á toma de decisións futuras, e deste xeito coñecer como evoluciona o mercado e cara onde deben ir as políticas públicas para mobilizar terras agrarias, co fin de aumentar así a base territorial das explotacións e incentivar a actividade forestal.

Todo isto coa finalidade última de dinamizar o rural galego, potenciar os recursos económicos e fixar poboación.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o prezo medio da terra rústica en Galicia?
- 2.- Que ferramentas está empregando a Xunta para favorecer a súa mobilización?
- 3.- Cal foi o número de operacións de compravenda deste tipo de terras nos últimos anos?



4.- Que valoración fai o goberno de Galicia sobre os procesos de mobilidade de terras?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 11/09/2019 13:10:21

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/09/2019 13:10:40

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2019 13:10:51

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2019 13:11:10

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 11/09/2019 13:11:23

Daniel Vega Pérez na data 11/09/2019 13:11:34

Rosa Oubiña Solla na data 11/09/2019 13:11:49



A Mesa do Parlamento

Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A remuda xeracional e a incorporación da mocidade galega ao desenvolvemento de actividades económicas no rural son algunhas das principais preocupacións do noso Grupo neste eido, e tamén nos consta que da súa Consellería.

Para estimular, apoiar e impulsar as novas incorporacións, desde o Goberno Galego, a través do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020, apróbanse diferentes liñas de axuda:

- Apoio aos investimentos en explotacións agrícolas (plans de mellora)
- Creación de empresas para os agricultores novos.
- Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Todas estas axudas teñen unha gran repercusión no medio rural, e non soamente para os beneficiarios, incrementando o número de mozos que se incorporan á actividade agraria, rexuvenecendo a poboación activa agraria e evitando o despoboamento do medio rural.

Tendo en conta o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como ten evolucionado a incorporación de mozos a actividade agrogandeira de Galicia?



2.- Cal é orzamento que se ten adicado nos últimos anos para a para favorecer esta incorporación?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 11/09/2019 13:14:48

Jesús Miguel Prado Patiño na data 11/09/2019 13:15:07

Raquel Arias Rodríguez na data 11/09/2019 13:15:17

Carlos Gómez Salgado na data 11/09/2019 13:15:38

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 11/09/2019 13:15:54

Daniel Vega Pérez na data 11/09/2019 13:16:04

Rosa Oubiña Solla na data 11/09/2019 13:16:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o inicio de curso e o estado no que se atopan centros de ensino de todo o país aínda en obras

O 11 de setembro deu comezo o curso escolar para o alumnado de Infantil e Primaria en Galiza mentres en Secundaria e Bacharelato iniciaron o 16.

Malia o discurso da Xunta de Galiza de que as aulas arrancaron con absoluta normalidade o certo é que numerosos centros de ensino de todo o país abriron as portas aínda en obras. Así aconteceu en centros de Cambados, A Fonsagrada, Cervo, Foz, Compostela, Ferrol ou Vilagarcía, entre outros.

En sede parlamentaria o Secretario Xeral de Educación asegurou que as obras que se desenvolven iniciado xa o curso causan apenas pequenas incomodidades obviando que hai alumnado que non poderá usar as súas aulas, que o estudiantado ten que convivir con andamios que provocarán, non pequenas incomodidades, senón verdadeiros problemas.

Tanto é así que as familias dos colexios de Cervo e Foz, por exemplo, decidiron non levar as súas crianzas até que as obras non supoñan un risco para elas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A propia conselleira de Educación puido comprobar de primeira man a indignación das familias na súa visita anual a un centro na véspera ao inicio do curso escolar. Aconteceu no Casás, un centro en obras no inicio escolar que non conta coa entrada principal habilitada, as aulas están sen mobiliario e profesorado e alumnado ten que compartir un único baño.

Unha das mestras denunciou coincidindo coa visita da Xunta: “como imos iniciar o curso así, é imposible”. Nin sequera a aula para acoller o alumnado con TEA estaba preparada.

A situación en moitos centros de ensino non é compatíbel co que a Consellaría de Educación considera un inicio de curso en normalidade e pequenas incomodidades.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o inicio do curso escolar a Xunta de Galiza?
- Cre a Xunta de Galiza que o estado no que se atopan os centros de ensino de Cambados, A Fonsagrada, Cervo, Foz, Ferrol ou Vilagarcía permiten iniciar o curso escolar con normalidade?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 13:32:18

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 13:32:26

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 13:32:33

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 13:32:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 13:32:47

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 13:32:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á apertura dunha universidade privada en Galicia.

Despois de meses de anuncios pero escasa información, vemos que a Xunta de Galicia comeza a tramitación do proxecto da universidade privada impulsada por Afundación de Abanca.

Así o acredita a publicación do anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada “Universidad Intercontinental de la Empresa”, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

A posibilidade, certa, de ter unha universidade privada en Galicia leva tempo provocando inquedanza na comunidade universitaria que non ten claras cales poden ser as consecuencias desta creación sobre o Sistema Universitario de Galicia que leva unha década sufrindo tanto recortes orzamentarios, como estritas limitacións impostas pola Xunta de Galicia a ampliación da oferta educativa das tres universidades públicas.

De feito, os tres reitores galegos denunciaron unha contradición nunha decisión que iría no sentido contrario á eficiencia amosada polas tres universidades. Mentres a uns se lles pide eliminar os títulos que non sexan eficientes, outros ofertan graos que xa se imparten en Galicia. Ademais, temen que non se lle exixa tanto a este centro privado como ao Sistema Universitario de Galicia e que as regras de xogo sexan distintas.

O propio texto do anteproxecto apenas informa sobre os estudos que se impartirán, dicindo unicamente:



“O proxecto da Universidade Intercontinental da Empresa parte do actual Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa (IESIDE), centro actualmente adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, do 23 de decembro, impartindo os estudos oficiais de grao en Administración e Dirección de Empresas e o máster universitario en Dirección e Administración de Empresas, ademais de títulos propios e interinstitucionais. O seu obxectivo é constituírse en universidade privada de servizo público, especializada no eido da empresa e de carácter internacional desenvolvendo unha actividade académica centrada en dúas áreas de coñecemento: ciencias sociais e xurídicas e enxeñaría e arquitectura.”

Unha información que entendemos claramente escasa.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) De aprobarse a súa tramitación, que titulacións impartirá a Universidade Privada de Abanca?
- 2.^a) Como valora o Goberno galego a distorsión que esta nova universidade pode supoñer sobre o sistema público?
- 3.^a) Comprométese o Goberno galego a non financiar, de ningún xeito, a Universidade Privada de Abanca?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/09/2019 14:18:14

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/09/2019 14:18:30



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4ª**, relativa ás obras pendentes de rematar ao inicio do curso escolar.

Un ano máis o inicio do curso escolar en Galicia vese salpicado polos incumprimentos da Xunta de Galicia. Incumprimentos no tocante a infraestruturas, con obras sen rematar, unidades pechadas, menos docentes, en definitiva, recortes. Recortes, por suposto, na calidade da educación que reciben as nenas e nenos de Galicia.

No que se refire ás infraestruturas comezamos un curso máis con obras sen rematar pola mala planificación da consellería que pretende que miles de nenas e nenos entren en aulas nas que non foron quen de rematar as obras.

Especialmente preocupante resulta o caso do Colexio de Ensinanza Infantil e Primaria (Ceip) de Cervo, onde as familias rexeitan levar os nenos á escola despois de que a Consellería de Educación non lles ofrecese unha solución ás obras de rehabilitación do centro educativo, que comezaron a mediados do pasado mes de xullo e que distan de estar rematadas.

En Cervo, un total de 112 persoas -o centro educativo ten arredor de 130 alumnos- asinaron un escrito enviado o 10 de setembro á Consellería de Educación para esixir alternativas ante o retraso das actuacións.

Entre os problemas denunciados está limpar e equipar as aulas dispoñibles mentres continúan as obras noutras o que podería provocar problemas ao



alumnado con asma. Ademais as aulas de quinto e sexto curso teñen pendente moito material dixital que precisan para o funcionamento normal.

Por outra banda a cociña está inutilizable, polo que no comedor vaise servir cátering e espazos como o patio infantil terán que illarse mediante valos. Tampouco están habilitados os cuartos para profesorado e persoal.

Algo semellante acontece no Ceip nº 1 de Foz, onde o atraso nas obras non permitirá utilizar un dos dous edificios do centro educativo ao inicio do curso.

Obras que en moitos centros, segundo as propias declaracións da conselleira, precisarán dúas ou tres semanas.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cantos centros escolares van ter que comezar o curso sen ter rematado as obras planificadas?
- 2.^a) Cales son os motivos de que as obras están sen rematar?
- 3.^a) Vai implantar o Goberno galego algunha medida que impida que as obras afecten ao funcionamento normal do curso escolar?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 11/09/2019 16:41:34





María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/09/2019 16:41:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016 sobre o patrimonio Cultural de Galiza ten como finalidade, protexer, conservar e difundir un legado que o tempo irá acrecentando para transmitilo ao futuro, e establece dúas categorías de bens protexidos, os declarados ben de interese cultural e os catalogados. Esta lei, particularmente no artigo 3, insta a colaboración entre administracións, reflexando no punto 2 deste mesmo artigo que “*As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de:*

- a) *Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.*
- b) *Adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que viren a súa integridade ou valor ameazados.*
- c) *Comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano do valor cultural que tales bens sufran.*
- d) *Exercer, así mesmo, as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei.* “





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais esta mesma lei no seu artigo 32 reflicte o deber de conservación, que recae na propiedade do ben “*As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens protexidos integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a conservalos, mantelos e custodialos debidamente e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración*” e no artigo 37 o deber de comunicación “*1. As persoas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e, en xeral, as titulares de dereitos reais sobre bens declarados de interese cultural ou catalogados están obrigadas a comunicarlle á consellaría competente en materia de patrimonio cultural calquera dano ou prexuízo que sufrisen e que afecte de forma significativa o seu valor cultural. 2. O deber de comunicación establecido neste artigo corresponderalles tamén aos concellos no territorio dos cales se encontren os bens no momento en que teñan constancia de tal estado.*”

Para atender as diferentes realidades dos bens catalogados, a lei desenvolve diferentes niveis de protección no seu artigo 41. Os cales pasamos a citar a continuación:

Niveis de protección

Nos bens integrantes do patrimonio arquitectónico ou industrial, o diferente alcance da protección, derivada da relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación, pode clasificarse nos seguintes niveis:

a) Protección integral: conservación íntegra dos bens e de todos os seus elementos e compoñentes nun estado o máis próximo posible ao orixinal desde a perspectiva de todos os valores culturais que conforman o interese do ben, respectando a súa evolución, transformacións e contribucións ao longo do tempo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Protección estrutural: conservación dos elementos máis significativos e relevantes dos bens, así como daqueles que resulten máis característicos tipoloxicamente ou que sexan obxecto dunha concreta apreciación cultural.

c) Protección ambiental: conservación dos aspectos máis visibles e evidentes dos bens que, malia non presentaren un interese individual destacable, conforman o ambiente dun lugar de forma homoxénea e harmoniosa.

No caso de seren incumpridos os ditames recollidos nesta lei, a mesma desenvolve un réxime sancionador. O artigo 128 reflexa que “*Son infraccións administrativas en materia de protección do patrimonio cultural as accións e omisións que supoñan o incumprimento das obrigas establecidas nesta lei, de acordo co establecido nos artigos seguintes.*” Constituindo sanción leve “*O incumprimento do deber de comunicación sinalado no artigo 37 sobre o dano ou prexuízo que sufrisen os bens e que afecte de forma significativa o seu valor cultural.*” Constituindo sanción grave “*a destrución ou danos graves e irreparables para bens declarados de interese cultural ou catalogados, polo incumprimento do deber de conservación previsto no artigo 32.*” E constituindo sanción moi grave “*a destrución ou dano xeneralizado grave e irreparable dun ben declarado de interese cultural ou catalogado.*”

Bens culturais de Mondariz Balneario

O Catálogo de bens a protexer do Plan de Ordenación do Medio Rural de Mondariz Balneario aprobado o 17 de xaneiro de 2001 (BOP do 05/02/2001) e actualizado en setembro de 2016 recolle unha serie de bens inmoables con diferentes graos de protección. Entre eles están os incluídos na seguinte táboa que teñen como denominador común o abandono e o desleixo na súa conservación.



Nº ficha (catálogo)	Ben inmueble	Nivel de protección
A_004	Chalé de Dona María	Ambiental
A_005	Chalé de Don Luís	Ambiental
A_007	Xanelas Románicas	Integral
A_008	Arco Románico	Integral
A_013	Chalé de Don Jaime	Ambiental
A_019	Hotel Roma	Ambiental
A_025	Chalé Villa Flora	Estrutural
A_034	Fonte de Troncoso	Estrutural

Descrición dos bens recollidos no catálogo de protección e que son obxecto desta denuncia

Fonte de Troncoso





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Após oito anos da aprobación e publicación no BOP do POMR de Mondariz-Balneario, no verán de 2010, resultado do perigo que supón o seu estado de conservación para os visitantes, a Fonte de Troncoso non abre o público como viña facendo dende a súa construción. O feche ao público da mais antiga das dúas fontes de augas mineiro-medicinais de Mondariz Balneario, a que leva o nome da propia vila, puxo en clara evidencia o seu estado de abandono e acelerou o seu deterioro. Apreciándose danos na forxa, nas balconadas e nos elementos singulares do interior do inmobile. Tres anos despois daquel primeiro peche de verán, no ano 2013, a situación da Fonte de Troncoso é manifestamente peor, a súa deterioración agravouse, mesmo nas últimas enchentes do Tea unha parte da balconada viu abaixo. No ano 2018, a Fonte de Troncoso abandonada a súa sorte derrúbase parcialmente, o interior da edificación anexa derrubouse na fin deste ano. No 2019, cae o tellado, e como consecuencia afectou á cornixa de pedra e aos muros soporte, na actualidade existe un risco inminente de derrubamento total observándose desprazamento e rotura de varias das pedras que conforman as paredes.

Non existe a día de hoxe nin unha acción preventiva nin de emerxencia dirixida a salvagardar a integridade do ben inmobile, moito menos ningunha acción de conservación, restauración ou rehabilitación que poida deter o inminente risco de derrube.

Hotel Roma e Chale Villa Flora

Arredor do Gran Hotel xurdiron varios establecementos hostaleiros que ampliaron non só o negocio centrado nos bañistas e nas augas mineiro-medicinais senón tamén a base social que podía vivir desta actividade. Derivado disto construíronse unha serie de edificios cunha arquitectura singular merecedora do nivel que acadou na época a vila balnearia. Na actualidade están catalogados como inmobiles protexidos, aínda que



a maioría deles están en desuso e gran parte en estado ruinoso. No caso do Hotel Roma no ano 2017 caeu toda a súa cuberta como consecuencia do abandono. A posteriori, debido o desleixo da propiedade e da administración local na aplicación de medidas preventivas de emerxencia, necesarias para protexer a estrutura do inmobile do derrube, sucumbiron tamén parte da fachada e unha das paredes laterais.

No caso do inmobile catalogado denominado “Villa Flora” o estado da estrutura non é mellor que o anteriormente citado, parte da cuberta e das paredes viñeron abaixo, de novo como resultado do abandono. A nula actuación neste momento por parte de ningún dos entes responsables é tal que periga a súa integridade total.

Chalé de Dona María, Chalé de Don Jaime e Chalé de Don Luís

Estes tres inmobles sitúanse na contorna do edificio do Gran Hotel, e dentro do recinto dos Xardíns Históricos do Gran Hotel catalogados como unidade. En orixe estes inmobles formaban parte do complexo do balneario e servían de apoio ao edificio central. Na actualidade nada teñen que ver con el, pois están abandonados á súa sorte, en estado ruinoso e corren o risco inminente de derrube, como xa aconteceu co Chalé de Don Luís que se derrubou no ano 2014. Non foi realizada nin unha acción preventiva dirixida a salvagardar a súa integridade. No caso dos bens denominados “Chalé de Dona María e Chalé de Don Luís” foi instalado un cerco que impide o paso as persoas, pero que non exerce acción estrutural ningunha sobre os inmobles.

Xanelas Románicas e Arco Románico

Ámbolos dous monumentos formaban parte do xardín arqueolóxico e ornamentaban parte do denominado Bosque do Gran Hotel na súa época de esplendor. Na actualidade, as dúas obras de arte románico presentan graves estragos derivados do nulo mantemento e da inacción dos entes responsables da súa conservación máis alá de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalar un cerco que impide o paso ás persoas. Apareceron danos irreparables na propia pedra que os conforma sen que medie ningunha acción preventiva por parte dos propietarios nin administración pública ningunha.

* Nos Anexos fotográficos pódense apreciar mais polo miúdo o estado de conservación destes bens inmobles.

É evidente a inacción das autoridades do Concello de Mondariz Balneario e da Xunta de Galiza na súas obrigas de protección e valorización dos bens, así como na súa obriga de actuar de emerxencia para salvagardar a integridade dos bens protexidos.

Descoñecemos se a administración local cumpriu coas súas obrigas de comunicación que dispón a lei. Mais si é evidente o incumprimento do deber de conservación dos propietarios dos diferentes inmobles, que amosan desinterese, desleixo ou ignorancia da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia. Poñendo en perigo a integridade destes bens catalogados.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza do estado ruinoso e de abandono da Fonte de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario?
2. Considera axeitado a Xunta de Galiza o estado de conservación do arco e das xanelas románicas do xardín histórico do balneario de Mondariz?
3. Como valora o goberno galego o estado de abandono de numerosos bens inmobles catalogados situados no concello de Mondariz Balneario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Recibiu o goberno galego algunha petición do concello para salvagardar este valioso patrimonio cultural?

5. Que medidas impulsou ou prevé desenvolver a Xunta de Galiza para garantir a conservación, protección e dinamización destes bens?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anexo 1. Fotografías estado Fonte de Troncoso



Pared lateral pos derrubamento 2019.
(Baranda)



Interior Fonte de Troncoso





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Interior Fonte de Troncoso.



Interior Fonte Troncoso (forxa)





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Fonte de Troncos vista aérea.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anexo 2. Fotografías do estado do Hotel Roma



Hotel Roma Fachada





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Hotel Roma Lateral Este





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anexo 3. Fotografías do estado do Villa Flora



Chalet Villa Flora lateral Este e cuberta.



Chalet Villa Flora frontal e cuberta





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anexo 4. Fotografías do estado do Chale de Dona María



Chalé de Dona María fachada e lateral Sur





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Chalé de Dona María Lateral Norte e traseira





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anexo 5. Fotografías do estado do Chalé de Don Luís



Chalé de Don Luís lateral Norte



Chalé de Don Luís lateral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Chalé de Don Luís lateral Sur e pedras da planta derrubada.



Anexo 6. Fotografías do estado do Chalé de Don Jaime



Chalé de Don Jaime lateral Norte



Chalé de Don Jaime lateral Sur





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Chalé de Don Jaime interior





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Anexo 7. Fotografías do estado do Arco Románico



Arco Románico completo



Arco Románico detalles



Anexo 8. Fotografías do estado das Xanelas Románicas



Xanelas Románicas completo



Xanelas Románicas detalle





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 18:18:09

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 18:18:30

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 18:18:51

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 18:19:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 18:19:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 18:19:19



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Camiño Inglés ou Camiño dos ingleses é o Camiño de Santiago que ten a súa orixe en Ferrol ou na Coruña. Foi unha ruta medieval de peregrinación dos devotos ingleses e doutros lugares do norte de Europa, os cales chegaban en barco aos portos desas cidades e continuaban o camiño ata Santiago de Compostela a pé.

Os peregrinos que comezan esta ruta en Ferrol, e ata que conflúen na localidade de Bruma cos que comezan o camiño na Coruña pasan polos concellos de Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo e Mesía. Desde Ferrol a Bruma os peregrinos atópanse con albergues públicos nos concellos de Neda, Pontedeume, Miño, Betanzos e Bruma. Aínda que se ben o certo é que os peregrinos do Camiño Inglés aumentan cada ano, pero fano a un ritmo moi inferior ao doutras rutas, e lonxe da masificación que estas presentan.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia construír algún novo albergue público na ruta do Camiño Inglés, de ser o caso, en que prazo, onde e con que orzamento?

2ª) Ten a Xunta de Galicia algún acordo co concello de Fene para a construción dun albergue público, en caso afirmativo, desde que data?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/09/2019 18:39:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2019 18:40:09





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da industria galega.

A situación da industria galega e do seu emprego é preocupante baixo todos os puntos de vista. Unha década de falta de política industrial deixa un balance negativo ao que se suman as crises de empresas como Lonía Textil, Isowat, Alcoa, Poligal e un longo etcétera.

Recentemente, o pasado 11 de setembro de 2019 tiñamos coñecemento dos últimos datos do Índice de Producción Industrial, referidos ao mes de xullo. Entre os datos, salienta que a produción industrial galega baixou en xullo novamente, xa por oitavo mes consecutivo. Neste informe coñecemos, entre outros datos, que Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en xullo de 2019 un retroceso do 0,1% con respecto ao ano anterior. Máis aínda, contrasta esta información co feito de que a nivel estatal rexistrouse un crecemento do 2,9%.

Este é un elemento máis que debe recibir unha atención e valoración específica por parte do goberno galego xunto coa análise do impacto no emprego, na creación de empresas e na evolución xeral da economía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Como valora o goberno galego a situación da industria galega?

Considera o goberno galego que ten acertado coa súa política industrial?

Como avalía o goberno galego o impacto da lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza?

Como valora os datos do IPI?

Que vai facer o goberno galego para impulsar o emprego no sector industrial?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 18:54:16

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 18:58:37

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 18:58:46

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 18:59:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 18:59:20

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 19:00:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 10 de setembro facíase público como o Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea indicaba que o índice de referencia de empréstitos hipotecarios (IREH) non é transparente e pode mesmo ser abusivo.

Aínda que esta cuestión non é vinculante, as fontes expertas indican a posibilidade de que finalmente poida vir desde o ámbito europeo unha sentenza que obrigue a anular este imposto hipotecario que o Tribunal Supremo español avalara en 2017 e abrir a porta a unha vía de reclamación para milleiros de usuarios e usuarias, tamén en Galiza.

No caso de Galiza poderíamos falar mesmo de máis de 13.500 casos, un volume importante de persoas afectadas e unha heteroxeneidade de casuísticas que non está exenta de complexidade. Neste sentido, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que cómpre activar os mecanismos cos que o noso país conta para o exercicio das súas competencias exclusivas en consumo e prever unha atención adecuada. Máis aínda, cómpre lamentar como en casos recentes de calotes bancarios como é o das “cláusulas chan” lamentablemente moitos usuarios e usuarias tiveron que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ir á vía xudicial, cuestión que a protección dos poderes públicos debера ser tendente a evitar polas dificultades que supón.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que actuacións prevé o goberno galego diante da nova situación xerada respecto do índice de referencia de empréstitos hipotecarios?

Como valora a Xunta de Galiza as conclusións do Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea? Realizou ou vai realizar algún estudo xurídico sobre a cuestión?

Prevé ou vai prever a Xunta de Galiza algún reforzo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia? De que tipo? Con que estimación económica? E de reforzo de persoal? E respecto de oficinas específicas?

Reuniuse ou vaise reunir o goberno galego co sector das asociacións de consumidores e consumidoras para abordar esta cuestión?

E co sector bancario?

Considera o goberno galego que é preciso impulsar algunha reforma legal para mellorar a protección das e dos consumidores?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 10:58:47

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 10:58:55

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 10:59:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 10:59:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 10:59:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 10:59:27



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilan Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As cidades e vilas que habitamos son o fondo escénico no se que se desenvolven as nosas vidas.

Non son espazos estáticos, senón que mudan co paso do tempo, e o como e o cando forma parte da interacción das diferentes administracións, autonómica, municipal e provincial, pero tamén do impulso que xurde das iniciativas sociais.

Pouco a pouco o concepto de perspectiva de xénero vaise introducindo nas diferentes leis e normas. Sen embargo a súa aplicación práctica segue a ser unha cuestión que segue agardando a súa quenda.

Na recentemente aprobada Lei 1/2019, de 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia introduciuse entre os “principios e criterios da rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas” a perspectiva de xénero, como tamén a contempla entre as “funcións dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico” e entre as “actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico”.

Así mesmo, no ano 2017 aprobouse a iniciativa socialista para elaborar un documento guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

A realidade é que máis de dous anos despois nada se sabe deste compromiso adquirido, nin se albisca nas intencións da Xunta de Galicia dotar de contido a este principio e criterio como impulsor das actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación das nosas vilas e cidades. Un claro síntoma do único interese deste Goberno en maquillar de igualdade as actuacións dun Goberno que non ten outro obxectivo máis que o de aparentar un compromiso que non existe.



Polo exposto, as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é o compromiso real deste goberno coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos?
- 2.^a) Cando pensa redactar a guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes?
- 3.^a) Que tipo de actuacións urbanas está a analizar actualmente a administración autonómica desde a perspectiva de xénero?
- 4.^a) Ten considerado a posta en marcha de subvencións para concellos que permita a estes revisar os seus propios instrumentos urbanísticos e adaptalos ós criterios da perspectiva de xénero?

Pazo do Parlamento 12 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/09/2019 14:08:16

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 14:08:37

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/09/2019 14:08:58



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Patricia Vilan Lorenzo e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As cidades e vilas que habitamos son o fondo escénico no se que se desenvolven as nosas vidas.

Non son espazos estáticos, senón que mudan co paso do tempo, e o como e o cando forma parte da interacción das diferentes administracións, autonómica, municipal e provincial, pero tamén do impulso que xurde das iniciativas sociais.

Pouco a pouco o concepto de perspectiva de xénero vaise introducindo nas diferentes leis e normas. Sen embargo a súa aplicación práctica segue a ser unha cuestión que segue agardando a súa quenda.

Na recentemente aprobada Lei 1/2019, de 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia introduciuse entre os “principios e criterios da rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas” a perspectiva de xénero, como tamén a contempla entre as “funcións dos centros de rexeneración urbana de interese autonómico” e entre as “actuacións de protección nas áreas de rexeneración urbana de interese autonómico”.

Así mesmo, no ano 2017 aprobouse a iniciativa socialista para elaborar un documento guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento.

A realidade é que máis de dous anos despois nada se sabe deste compromiso adquirido, nin se albisca nas intencións da Xunta de Galicia dotar de contido a este principio e criterio como impulsor das actuacións de rehabilitación, rexeneración ou renovación das nosas vilas e cidades. Un claro síntoma do único interese deste Goberno en maquillar de igualdade as actuacións dun Goberno que non ten outro obxectivo máis que o de aparentar un compromiso que non existe.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cal é o compromiso real deste goberno coa introdución da perspectiva de xénero na mellora dos ámbitos urbanos?

2.^a) Cando pensa redactar a guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes?

3.^a) Que tipo de actuacións urbanas está a analizar actualmente a administración autonómica desde a perspectiva de xénero?

4.^a) Ten considerado a posta en marcha de subvencións para concellos que permita a estes revisar os seus propios instrumentos urbanísticos e adaptalos ós criterios da perspectiva de xénero?

Pazo do Parlamento 12 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/09/2019 14:03:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 14:04:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2019 14:04:23



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Na resposta á pregunta nº 47503 formulada polo noso grupo parlamentar sobre “as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun servizo de escolas infantís para os empregados públicos da Administración autonómica...”, logo de presumir da política da Xunta de Galicia en materia de escolas infantís acaban por non dicir nada concreto en relación co obxecto da pregunta, a pesar de aseverar que “a Xunta de Galicia comparte a necesidade de continuar implantando servizos de conciliación nos servizos administrativos da súa titularidade...”

Queremos coñecer se esta afirmación encerra algo de sinceridade. Ou trátase dunha fórmula oca, sen nada dentro. En consecuencia o deputado e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Ten algunha previsión a Xunta de Galicia de iniciar proxectos de novos servizos de conciliación nas cidades nas que non os ten ao longo do que queda de legislatura?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 14:01:56

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 14:02:16

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/09/2019 14:02:28



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Na resposta á pregunta nº 47503 formulada polo noso grupo parlamentar sobre “as previsións do Goberno galego respecto da implantación dun servizo de escolas infantís para os empregados públicos da Administración autonómica...”, logo de presumir da política da Xunta de Galicia en materia de escolas infantís acaban por non dicir nada concreto en relación co obxecto da pregunta, a pesar de aseverar que “a Xunta de Galicia comparte a necesidade de continuar implantando servizos de conciliación nos servizos administrativos da súa titularidade...”

Queremos coñecer se esta afirmación encerra algo de sinceridade. Ou trátase dunha fórmula oca, sen nada dentro. En consecuencia o deputado e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Ten algunha previsión a Xunta de Galicia de iniciar proxectos de novos servizos de conciliación nas cidades nas que non os ten ao longo do que queda de legislatura?
- 2.ª) En concreto, ¿cal sería a previsión para Santiago de Compostela?
- 3.ª) E en relación co resto das cidades (Ourense, Lugo, Ferrol, A Coruña)?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 14:01:09





Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2019 14:01:24

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/09/2019 14:01:34



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**

Nos vindeiros anos a planificación urbanística en Santiago de Compostela prevé unha expansión na zona sur da cidade, nos barrios de Conxo, Castiñeiriño e Pontepedriña. A demanda de prazas educativas na educación básica aumentará. O Concello de Santiago oferta unha parcela de titularidade municipal coa adecuada cualificación urbanística para que a Consellería de Educación proceda á ampliación do colexio Quiroga Palacios, incorporando novas aulas, espazos para estacionamento, extensión do comedor escolar e biblioteca.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguintes pregunta:

¿Contempla a Xunta de Galicia atender esta demanda da comunidade educativa, de acordo coa oferta do Concello de Santiago?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 16:03:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2019 16:03:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/09/2019 16:03:39



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Luis Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

Unha vez iniciado o curso escolar en Santiago de Compostela conséntase que existen obras sen rematar nos centros de Infantil e Primaria Raíña Fabiola, Fontiñas e Roxos, o que dificulta o funcionamento normal destes centros.

No Raíña Fabiola dificultando a realización de actividades extraescolares, tendo que abandonar o colexio ás 16 30 horas. En Fontiñas aínda está sen rematar a pasarela que une os edificios de primaria e infantil.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Que previsións manexa a Consellería de Educación en relación co remate destas obras?
- 2.ª) Existen medidas transitorias pactadas coas comunidades educativas?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Luis Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 15:59:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2019 15:59:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/09/2019 16:00:01



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

A implantación do dispositivo Essure como sistema anticonceptivo permanente que, tras ser implantado en numerosas mulleres en diversos países, deu problemas, basicamente por alerxias a metais cos que foron elaborados e que non foron informados correctamente.

O dispositivo foi cesado na súa venta en moitos países (en España en 2017) e comezouse, en momentos distintos, a iniciarse os procesos de retirada ás mulleres que así o solicitaban e, especialmente, a aquelas máis afectadas por alerxias con motivo dos metais compoñentes do dispositivo.

En Galicia as mulleres afectadas presenta algúns problemas máis complexos que noutros territorios, pois a resposta do SERGAS vén sendo máis lenta e menos eficiente que outros casos. Non existiu un protocolo de actuación ata hai poucos meses, elaborado grazas á persistencia do colectivo de mulleres afectadas. A pesares desa elaboración existen déficits de actuación por parte do SERGAS, que dificultan cuestións de información a profesionais e afectadas, que poidan contribuír a mellorar a atención e a axilizar o procedemento que, polo de agora, resulta tedioso e longo.

A atención ás mulleres afectadas podería ser completada con medidas de avaliación posterior, que agora se dificultan polos recortes en recursos humanos no SERGAS que enlentece a citación de revisións, así como a participación doutros servizos que puideran contribuír a unha mellor atención e tamén á propia participación dos colectivos de mulleres afectadas.

Polo exposto, o deputado e a deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Ten a Xunta contactado con todas as mulleres potencialmente afectadas por erros no dispositivo Essure para transmitirllas a situación e posibilidades que se lle ofrecen?



2.^a) Realizou a Xunta de Galicia algunha acción de contacto ou petición de información e explicacións á empresa fabricante do dispositivo Essure?

3.^a) Cre a Xunta de Galicia que existe algunha responsabilidade da empresa fabricante do dispositivo Essure?

4.^a) Considera a Xunta de Galicia que está funcionando correctamente o protocolo elaborado para atención ás mulleres afectadas polo dispositivo Essure?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/09/2019 16:49:34

Noela Blanco Rodríguez na data 12/09/2019 16:49:44



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

O gran problema do sistema público de saúde de Galicia está na política de RRHH. O grave déficit de profesionais dentro do sistema, e as condicións laborais de explotación existentes na actualidade, dificultan a calidade asistencial que podemos ofrecer e que os/as profesionais están comprometidos a ofrecer.

Existen diversas medidas e liñas estratéxicas que poden contribuír a mellorar a situación. A mellora de ditas condicións laborais, a redución da eventualidade e a contribución a unha asistencia sanitaria máis diversificada entre diversos colectivos profesionais, coa dotación de maior multidisciplinabilidade ao sistema, serían necesarias liñas a desenvolver.

A política de formación de novos profesionais é tamén un punto relevante para este aspecto. Nas recentes datas coñeceuse a convocatoria MIR para o ano próximo, que realiza o Goberno de España tras a consulta coas CCAA e as decisións ministeriais ao respecto das necesidades avaliadas. O vindeiro ano España e Galicia contarán coa habilitación da maior convocatoria MIR da historia, o que resultará nun maior volume de formación e, polo tanto, unha maior posibilidade de incorporación futura de profesionais a un sistema que os necesita.

Esta decisión en termos de RRHH do Ministerio de Sanidad contrasta coas políticas levadas a cabo polo goberno anterior, presidido por Mariano Rajoy, que reduciu nun 15% o volume de prazas MIR na súa primeira convocatoria e que mantivo con moi lixeiras variacións as convocatorias durante os 7 anos.

A maiores destas decisións ministeriais pasadas, cabe destacar que a Xunta de Galicia tampouco contribuíu a mellorar o volume de prazas utilizadas. Nos 10 anos de goberno de Núñez Feijoo deixáronse de utilizar 150 prazas de medicina familiar e comunitaria que, estando habilitadas, non foron financiadas para acoller médicos/as en formación. Tampouco se elevaron notoriamente as prazas de pediatría solicitada (18 a 20 en 7 anos). Estes dous exemplos evidencian un



dos problemas da atención primaria actual, na que un dos argumentos do Goberno da Xunta está na ausencia de profesionais.

A maiores das prazas habilitadas e logo convocadas, resulta necesario aumentar o volume de contratación estable posterior dos titulados MIR, que nos anos de goberno de Núñez Feijoo so chega a un 15% dos que se forman nos nosos centros.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Como valora a Xunta de Galicia a convocatoria MIR para o ano 2020 ofertada polo Goberno de España?
- 2.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia das convocatorias MIR realizadas durante o goberno de Mariano Rajoy?
- 3.^a) Que previsión ten a Xunta de Galicia na solicitude e habilitación de prazas MIR para Galicia nos vindeiros anos?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/09/2019 16:44:26

Noela Blanco Rodríguez na data 12/09/2019 16:44:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora no concello de Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros.

En Punta Abelleira no concello de Muros está ubicada unha depuradora dende hai arredor de 35 anos . Por parte da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e Pesca, alimentación e Medio Ambiente o 10.05.2018 emitíuse resolución na que se lle outorgou á entidade “Mariscos Antón Fernández” a concesión administrativa para a ocupación de 1.012,90 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a tuberías de captación e vertido de auga de mar, reconstrución dunha rampla-embarcadoiro e legalización dunha franxa de terreos ganados ao mar que rodean a nave principal. Con data de 10 de maio de 2019 a mesma empresa solicita a modificación da concesión consistente na ampliación da zona de ocupación solicitada, pasando a mesma de 1.092,90 metros cadrados a 1.493,63.

Este proxecto de ampliación da depuradora está causando o rexeitamento d@s veciñ@s de Abelleira e do colectivo de mariscadoras/es polo seu temor ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impacto sobre as correntes e a actividade marisqueira da ampliación da rampla-embarcadeiro para convertelo nun peirao para barcos bateiros que precisaría dun importante dragado para levalo a cabo. Outro motivo de rexeitamento ben dado porque as pretensións de peche do espazo ganado ao mar que rodea a depuradora suporía a privatización dun espazo público e limitaría moito a servidume de paso da zona.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

É coñecedora a Consellaría do Mar deste proxecto de ampliación?

Que opinión lle merece?

Ten solicitado a entidade “Mariscos Antón Fernández” a tramitación ambiental correspondente para a ampliación mencionada? De ser así en que data?

Que accións vai realizar para garantir que os bancos marisqueiros non se vexan afectados?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 17:41:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:41:53

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 17:41:57

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 17:42:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 17:42:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:42:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á situación ambiental e sanitaria do encoro das Conchas e da súa contorna e as actuacións que vai impulsar a Xunta de Galiza.

A contaminación do encoro das Conchas é un problema grave e reiterado na Baixa Limia sendo habitual que cada ano, especialmente no verán, volva aparecer a afectación de cianobacterias. A recorrente afectación ao río Limia e a proximidade do Salas fai que esta situación teña repercusións en toda a zona, nos concellos de Muiños, Lobios, Lobeira e Entrimo, ubicados nunha contorna caracterizada polo seu alto valor ambiental e natural así como por unhas circunstancias socioeconómicas atravesadas polo avellentamento e a perda de poboación. Estes feitos teñen levantado as alertas de veciñanza e diversos colectivos ecoloxistas.

Cómpre recordar que o encoro das Conchas presentou xa no ano 2011 un alto índice de contaminación por cianobacterias, tal e como desvelou un estudo do Laboratorio de Xenética da Facultade de Veterinaria da Universidade Complutense de Madrid malia que nesa altura os datos fornecidos polo goberno galego eran positivos.

Desde entón diferentes movementos veciñais e sociais teñen traballado por unha solución para o embalse das Conchas e por evitar a afectación a zonas colindantes e de alto valor tanto social como ambiental, como por exemplo o encoro de Lindoso, de Salas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou o Parque Natural do Xurés na súa extensión galega e portuguesa. Porén, a situación non mellora e as últimas informacións levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a insistir en que a Xunta de Galiza non pode permanecer allea a este problema, onde se combina o seu desleixo coas deficiencias de que a xestión das augas non sexa unha competencia exclusiva do noso país e dependa doutros centros de poder.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que actuación levou ou vai levar a cabo o goberno galego para poñer fin á lamentable situación do encoro das Conchas?
- Coñece a súa situación?
- Cales son as medidas de prevención e seguimento que aplica?
- Tense reunido coas asociacións profesionais e ecoloxistas da zona? Con que resultado?
- Ten desenvolvido ou vai desenvolver o goberno galego estudos propios a respecto dos riscos ambientais, sanitarios e de calidade das augas que supón o proxecto?
- Como avalía o goberno galego a situación de contaminación das Conchas acrecentada no verán de 2019?
- Cre o goberno que a súa política encaixa coas esixencias dos fondos europeos destinados para a restauración da zona?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 18:08:51

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 18:08:58

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 18:09:02

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 18:09:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 18:09:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 18:09:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de informativos da CRTVG.

Hai máis dun ano que o cadro de persoal da CRTVG iniciou mobilizacións para reclamar o cumprimento real e efectivo da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

No concreto, un aspecto importante recollido no artigo 36 da devandita lei que prevé –desde hai oito anos-- a creación do Estatuto profesional entendido como “instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet”.

Parello a isto, contempla a “creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, co fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, malia transcorrer oito anos da aprobación e entrada en vigor da lei non se ten cumprido motivando as denuncias do cadro de persoal e a vaga de mobilizacións que continúa a día de hoxe.

Non é a primeira ocasión en que o Bloque Nacionalista Galego ten reclamado no Parlamento a aprobación do Estatuto profesional e o Consello de informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

De facto, a CRTVG, alén de incumprir o seu propio marco normativo, representa unha anomalía na nosa contorna. Neste senso, a maior parte das Corporacións de medios públicos audiovisuais no Estado español, teñen aprobados e en vigor os seus estatutos de información e/ou redacción. É o caso da Corporación da RTVE, que o aprobou en referendo entre o seu cadro de persoal o 18 de abril de 2008, sendo promulgado polo Consello de Administración o 14 de maio dese mesmo ano.

Tamén a axencia pública (EFE), conta co seu desde 2006, de igual maneira que a Corporación catalana de medios de comunicación (2018), EiTb ou a radiotelevisión valenciana (RTVV) desde o 2000.

Por todo o exposto, desde o Grupo parlamentar do BNG formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cando vai aprobar o Estatuto profesional previsto no artigo 36 da Lei 9/2011 a CRTVG?

- E o Consello de informativos?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/09/2019 18:35:17

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2019 18:35:27

María Montserrat Prado Cores na data 11/09/2019 18:35:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2019 18:35:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/09/2019 18:35:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2019 18:35:57





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a accesibilidade dos contidos emitidos na programación da TVG e a garantía dos dereitos das persoas con discapacidade no acceso aos contidos audiovisuais.

A CRTVG como servizo público recolle nos seus principios e obxectivos a promoción do acceso efectivo das persoas con discapacidade aos contidos emitidos. Así o dispón a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza (artigo 4) e o Mandato Marco aprobado en 2015 (artigo 8).

Así mesmo, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade recolle a obriga dos medios de comunicación audiovisual dependentes das administracións públicas de Galiza de realizar e manter, debidamente actualizado, un plan de medidas técnicas que permita gradualmente, mediante a incorporación da subtitulación, a audiodescrición e a interpretación en lingua de signos, para garantir o dereito á información das persoas con discapacidade, nos termos establecidos especificamente na lexislación xeral audiovisual (artigo 34).

No ámbito estatal, a Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, sinala que as persoas con discapacidade visual ou auditiva teñen o dereito a unha accesibilidade universal á comunicación audiovisual, de acordo coas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

posibilidades tecnolóxicas (artigo 8). Especificamente, continúa, as persoas con discapacidade auditiva teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, subtitule o 75% dos programas e conte cando menos con dúas horas á semana de interpretación con lingua de signos.

De igual maneira, as persoas con discapacidade visual teñen o dereito a que a comunicación audiovisual televisiva, en aberto e cobertura estatal ou autonómica, conte cando menos con dúas horas audiodescritas á semana.

Para a garantía deste dereito, a lexislación obriga os poderes públicos e os prestadores do servizo a fomentar o goce pleno da comunicación audiovisual ara as persas con discapacidade e o uso de boas prácticas que evite calquera discriminación ou repercusión negativa cara estas persoas.

En 2018 a Unión Europea aprobou a Directiva 2018/1808 pola que se modifica a anterior, de 2013, sobre a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual.

Nas súas consideracións, a norma fixa a garantía do dereito de acceso ao contido audiovisual como condición indispensable no marco dos compromisos adquiridos coa sinatura da Convención de Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade. Neste senso, a Unión Europea apremia os Estados membros a garantir “sen dilacións indebidas” que os prestadores de servizos de comunicación audiovisual avancen activamente na accesibilidade dos seus contidos ás persoas con discapacidade, en particular de tipo visual e auditivo, a través, di, dun “procedemento progresivo e continuo” que abranga a linguaxe de signos, o subtitulado para as persoas xordas e con dificultades auditivas, os subtítulos falados e a descrición acústica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CRTVG conta na actualidade co Telexornal Mediodía en lingua de signos e foi incorporando, desde 2012, segundo as informacións que constan na web corporativa, subtítulos nalgúns programas. Porén, fica moi lonxe de se garantir o dereito de acceso das persoas con discapacidade aos contidos audiovisuais como nos ten transmitido ao Grupo parlamentario do BNG a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG).

De facto, a Valedoría do Pobo pronunciouse a este respecto en abril de 2018 ao fío do expediente iniciado como consecuencia dos escritos presentados, entre outros, pola FAPXG advertindo das barreiras de comunicación que persisten inxustamente na TVG.

Cómpre lembrar que a accesibilidade é un dereito como aparece recollido na lexislación galega, estatal e internacional e, polo tanto, é obriga dos poderes públicos e dos prestadores de servizo de comunicación audiovisual garantilo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Que contidos da programación da TVG contan actualmente con subtítulo e/ou lingua de signos?
- Que porcentaxe representan no conxunto da programación?
- Que medidas está a adoptar ou pensa levar a cabo a CRTVG para garantir o cumprimento da lexislación vixente e o dereito de accesibilidade aos contidos audiovisuais das persoas con discapacidade?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 17:22:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 17:22:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:22:42

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 17:22:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 17:22:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:23:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galiza**

ANTECEDENTES

Conforme ao artigo 148 da Constitución Española, as Comunidades Autónomas poden asumir plenas competencias na organización das súas institucións de autogoberno, como así se dispón no artigo 27 do Estatuto de Autonomía.

Conforme ao artigo 37 do Estatuto de Autonomía de Galiza, corresponde ao Parlamento a potestade lexislativa nas materias da súa competencia exclusiva.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, aprobada en decembro de 2006 e ratificada en 2007 polo Estado Español, reconece que a “discriminación contra calquera persoa por razón da súa discapacidade constitúe unha vulneración da dignidade e o valor inherentes do ser humano”, e observa que “as persoas con discapacidade seguen atopando barreiras para participar en igualdade de condicións coas demais na vida social e que se seguen vulnerando os seus dereitos humanos en todas as partes do mundo”.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa



inclusión social, no capítulo V, regula o dereito á vida independente, para o cal se deben garantir unhas condicións mínimas de accesibilidade axeitadas a todas as diversidade das persoas con discapacidade. Asemade, o Artigo 59 establece obrigas para os poderes públicos en relación á toma de conciencia social para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación.

A Lei 27/2007, de 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas, recoñece oficialmente a lingua de signos española e catalá, no seu ámbito lingüístico (aínda non a lingua galega de signos) e establece medidas para garantir o dereito ao seu uso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 45 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece oito comisións permanentes lexislativas. Asemade, o artigo 50 establece que se poden constituír comisións non permanentes especiais, para unha función ou traballo concreto.

Na Xª Lexislatura constituíronse a Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres e a Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a favor da integración das persoas con discapacidade. Esta última continúa os traballos da análoga creada na IXª lexislatura, cun réxime de sesións irregular, que, de seguir o actual ritmo, non permite rematar con éxito os obxectivos do plan de traballo marcado na presente lexislatura.



Os asuntos relativos á Igualdade e á Discapacidade veñen tratándose con regularidade na Comisión 5ª, que engloba as áreas de Sanidade, Política Social e Emprego, e que, polo volume dos seus traballos, celebra tres sesións ao mes, fronte ás dúas do resto de Comisións.

É unha reivindicación das asociacións e colectivos galegos que traballan no eido da Discapacidade a necesidade de que o Parlamento estableza unha Comisión de Discapacidade cons funcións de control ao goberno e de impulso legislativo.

O noso País conta cunha alta porcentaxe de poboación con discapacidade e a tendencia é seguir aumentando, en razón do avellentamento demográfico, o que impón retos sociais no eido da organización dos coidados, que requiren dunha reflexión colectiva como País.

Na actualidade, continúan sen se cumprir as leis relativas á discapacidade que garantirían a igualdade de dereitos plena de todas as persoas, independentemente das súas capacidades.

Por outra parte, en Galiza, o emprego caracterízase pola súa precariedade estrutural e a igualdade entre homes e mulleres é un valor non acadado na sociedade.

Non existe no Parlamento de Galiza comisión específica de emprego, sendo tratados os asuntos relativos ao mesmo na Comisión 5ª, xa sobresaaturada de traballos que teñen que ver coa Sanidade e coa Política Social, así como na Comisión 3ª ou na 6ª.



En canto á Igualdade, vense creando unha comisión especial non permanente, sen iniciativa lexislativa, sendo necesario plasmar a aposta real pola Igualdade dándolle rango similar a outras comisións permanentes, nun contexto no que a ultradereita cuestiona os dereitos conseguidos pola loita das mulleres, cando aínda non se acadou a igualdade efectiva.

O calendario de sesións que se establece ao inicio de cada período de sesións só fixa as datas dos plenos, pero non as das Comisións, o que impide organizar o traballo, aínda que, na práctica, mantéñense frecuentemente nos mesmos días e horarios.

Ao creárense tres novas Comisións permanentes lexislativas – de Discapacidade, Igualdade e Emprego – a Comisión 5ª podería reducir a frecuencia das súas sesións.

PROPOSICIÓN DE LEI

Artigo 1.

Modifícase o artigo 1.1, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 1.

1. O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia, así como as súas respectivas linguas de signos.

Artigo 2.



Modifícase o artigo 45.1, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 45

1. Son comisións permanentes lexislativas as seguintes:

1ª. Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

2ª. Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3ª. Economía, Facenda e Orzamentos.

4ª. Educación e Cultura.

5ª. Sanidade e Política Social.

6ª. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

7ª. Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

8ª. Pesca e Marisqueo.

9ª. Discapacidade.

10ª. Igualdade e Dereitos das Mulleres.

11ª. Emprego.

Artigo 3.

Modifícase o artigo 54.3, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 54

3. Só terán acceso ao salón de sesións, ademais das persoas indicadas, as persoas funcionarias do Parlamento de Galicia no exercicio do seu cargo e as persoas que estean expresamente autorizadas pola Presidencia, así como as persoas que



exerzan de asistentes persoais das persoas con diversidade funcional que teñen acceso ao salón de sesións.

Artigo 4.

Engádesse un novo punto, o 3.

Artigo 68

3. Ao inicio de cada período de sesións a Mesa aprobará, oída a Xunta de Portavoces, un calendario de sesións de pleno e comisións.

Artigo 5.

Modifícase o artigo 70.1, que quedaría redactado do seguinte xeito.

Artigo 70

1. As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistir as persoas representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados, así como as persoas que exerzan de asistentes persoais das persoas con diversidade funcional que teñen acceso ás sesións das comisións.

Disposición final

As novas comisións permanentes lexislativas de Discapacidade e Igualdade e Dereitos das Mulleres crearanse en canto rematen os traballos das Comisións



especiais non legislativas análogas impulsadas na Xª legislatura do Parlamento de Galiza.

As comisións especiais de Igualdade e Dereitos das Mulleres e de Discapacidade da Xª legislatura deberán acabar os seus traballos antes do remate do primeiro semestre de 2020.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira


Voceiro e Vicevoceira do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/07/2019 10:28:25

Luis Villares Naveira na data 02/07/2019 10:28:44





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

